

2015

# PLAN DE AUTOPROTECCIÓN I.E.S. LAMAS DE ABADE



**Autores: Dra. Ruth M<sup>a</sup> Vidal Alvarez e  
CICLO MEDIO DE EMERXENCIAS  
SANITARIAS (curso 14-15)**

**17/05/2015**

**INDICE DO PLAN**

- **Normativa Legal** .....Pax. 4, 5, 6
- **Oferta Educativa** .....Pax. 7
- **Contido e Obxectivos** .....Pax. 8
- **Capítulo 1: Emprazamento da actividade e Identificación dos titulares.** .....Páx.9
  - 1.1. Dirección postal do emprazamento da actividade. Denominación da actividade, nome. Teléfono e Fax.
  - 1.2. Identificación dos titulares da actividade. Nome e/ou razón social, dirección postal, teléfono e fax.
  - 1.3. Nome do director do plan de autoprotección e do director ou directora do plan de actuación en emerxencia, no caso de ser distintos. Dirección postal, teléfono e fax.
  - 1.4. Identificación dos técnicos redactores do Plan de Autoprotección, Teléfono e Fax.
- **Capítulo 2: Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve ..Páx.12**
  - 2.1. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan.
  - 2.2. Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolven as actividades obxecto do plan.
  - 2.3. Clasificación e descrición dos usuarios.
  - 2.4. Descrición da contorna urbán, industrial ou natural na que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.
  - 2.5. Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa. Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e acompañarase como mínimo da documentación gráfica seguinte:
    - Plano de situación, comprendendo o contorno próximo urbán, industrial ou natural no que figuren os accesos, comunicacións, etc.*
    - Planos descritivos de todos os andares dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.*
- **Capítulo 3: Inventario, análise e avaliación de riscos.....Páx.28**
  - 3.1.Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. Que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de modo desfavorable no desenvolvemento da mesma.
  - 3.2. Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectarlle.
  - 3.3. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas á mesma que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

- **Capítulo 4: Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección..... Páx. 31**
  - 4.1. *Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, de que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos servizos externos de emerxencia.*
  - 4.2. *As medidas e os medios, humanos e materiais, dispoñibles en aplicación das disposicións específicas en materia de seguridade. Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e acompañarase como mínimo coa documentación gráfica seguinte:*
    - *Planos de situación dos medios de autoprotección, conforme á normativa UNE.*
    - *Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, reflectindo o número de persoas a evacuar ou confinar por áreas segundo os criterios fixados na normativa vixente.*
    - *Planos de compartimentación de áreas ou sectores de risco.*
- **Capítulo 5: Programa de mantemento de instalacións. ....Páx.47**
  - 5.1. *Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco que garanta o control das mesmas.*
  - 5.2. *Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección que garanta a operatividade das mesmas.*
  - 5.3. *Realización das inspeccións de seguridade conforme a normativa vixente.*
- **Capítulo 6: Plan de actuación ante emerxencias..... Páx.49**
  - 6.1. *Identificación e clasificación das emerxencias.*
  - 6.2. *Procedementos de actuación ante emerxencias.*
  - 6.3. *Identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuación en emerxencias.*
  - 6.4. *Identificación do responsable da posta en marcha do plan de actuación ante emerxencias.*
- **Capítulo 7: Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior. ....Páx.72**
  - 7.1. *Os protocolos de notificación da emerxencia. (Ao centro de control, aos traballadores, aos medios externos)*
  - 7.2. *A coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do plan de protección civil onde se integre o plan de autoprotección*
  - 7.3. *As formas de colaboración da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil. (simulacros, inspeccións, aportación de medios)*

- **Capítulo 8: Implantación do plan de autoprotección. ....Páx.76**
  - 8.1. *Identificación do responsable da implantación do plan (Director do PAU)*
  - 8.2. *Programa de formación e capacitación para o persoal coa participación activa no plan de autoprotección.*
  - 8.3. *Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección.*
  - 8.4. *Programa de información xeral para os usuarios.*
  - 8.5. *Sinalización e normas para a actuación dos visitantes.*
  - 8.6. *Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.*
- **Capítulo 9: Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.....Páx.87**
  - 9.1. *Programa de reciclaxe de formación e información.*
  - 9.2. *Programa de substitución de medios e recursos*
  - 9.3. *Programa de exercicios e simulacros.*
  - 9.4. *Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección.*
  - 9.5. *Programa de auditorías e inspección.*
- **Anexos:**
  - **Anexo I do plan de autoprotección. Directorio de comunicación.....Páx.92**
    - 1. *Teléfono do persoal de emerxencias.*
    - 2. *Teléfono de axuda exterior.*
    - 3. *Outras formas de comunicación.*
  
  - **Anexo II do plan de autoprotección. Formularios para a xestión de emerxencias.....Páx. 94**
  - **Anexo III do plan de autoprotección. Planos.....Páx.100**

## ➤ Normativa Legal

A redacción deste plan lévase a cabo por esixencia da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Publicada no DOG núm. 94 do 16 de Maio de 2007 e BOE núm. 137 do 08 de xuño de 2007 na que se estipulan os seguintes puntos e requerimentos:

### TÍTULO IV

As medidas de autoprotección privada

#### Artigo 39 Obligación de autoprotección

- As persoas, empresas e, en xeral, entidades e organismos que realizan actividades que poden xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade, así como os centros e instalacións públicos e privados que poidan resultar afectados de forma especialmente grave por situacións de este carácter, están obrigados a adoitar medidas de autoprotección e a manter os medios persoais e materiais precisos para afrontar situacións de risco e emerxencia, ademáis do sinalado no artigo 20 da [Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais](#), e normativa específica, e nos artigos 8 e 40 da [Lei 9/2004, de 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia](#).
- A Xunta determinará por reglamento o catálogo de actividades e os tipos de centros a que se refire o apartado anterior, así como as medidas mínimas que han de adoitarse en cada caso, de acordo coas directrices básicas de autoprotección establecidas na lexislación vixente.

#### Artigo 40 Autoprotección nos centros educativos

1. Considérase centro docente ou educativo, aos efectos da presente norma, aquel no que se leven a cabo actividades de formación presencial de persoas tales como:
  - a) Garderías.
  - b) Escolas de educación infantil.
  - c) Centros de educación primaria, secundaria obligatoria, bacharelato, formación profesional, ensino de réxime especial e centros de educación especial.
  - d) Universidades.
  - e) Academias, calquera que sexa o tipo de ensino que impartan.
  - f) Outros centros asimilados aos mencionados.
2. Nos diferentes ciclos educativos é preciso programar actividades de información, prevención e divulgación en materia de protección civil, para o cal haberá de realizarse, a lo menos unha vez cada ano, un simulacro de evacuación, de acordo coas previsións do plan de autoprotección correspondente.
3. Estes programas faranse en colaboración coas autoridades con competencia en materia de educación, elaborando os mecanismos necesarios para o seu cumprimento.
4. Os plans de autoprotección nos centros educativos haberán de ser aprobados polo seu titular.

*DECRETO 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.*

**Artigo 1º.-Obxecto.**

- Este decreto ten por obxecto determinar o catálogo de actividades e centros, establecementos e dependencias obrigados a realizar plans de autoprotección, determinar o contido mínimo dos plans de autoprotección, así como garantir o seu coñecemento mediante a creación do rexistro de plans de autoprotección na comunidade autónoma, en desenvolvemento das previsións contidas no título IV da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, e de acordo coas directrices básicas de autoprotección establecidas na lexislación vixente.

**Artigo 2º.-Ámbito.**

1. Este decreto será directamente aplicable en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aos centros, actividades, dependencias e establecementos descritos no anexo I.2.

**Artigo 3º.-Catálogo de actividades y centros obligados a realizar planes de autoprotección.**

1. As actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade, e os centros e instalacións públicas e privadas que poidan resultar afectadas de maneira especialmente grave por situacións de este carácter, determinaranse no catálogo de actividades que se recolle no anexo I de este decreto.
2. Os titulares das actividades e dos centros e instalacións públicas y privadas que se determinan no catálogo de actividades están obrigados a implantar, manter e revisar o plan de autoprotección, elaborado polo técnico competente, segundo se establece na lexislación vixente sobre competencias profesionais.

**Artigo 4º.-Plans de autoprotección.**

1. Os plans de autoprotección comprenderán, a lo menos, os aspectos contemplados na Norma básica de autoprotección, aprobada polo Real decreto 393/2007, de 23 de marzo, e recolleranse nun documento cuxa estrutura e contido mínimo será o que figura no anexo II de este decreto.
2. O plan de autoprotección deberá acompañar aos restantes documentos precisos para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, así como para a modificación do exercicio da xa autorizada.
3. Aos efectos do previsto no apartado 3.5 da Norma básica de autoprotección, o titular da actividade, centro ou instalación ou o seu representante legal emitirá un certificado da implantación do plan de autoprotección de conformidade co modelo establecido no anexo III e remitirao á dirección xeral con competencias en materia de protección civil.
4. A implantación do plan de autoprotección comprenderá, a lo menos, a formación e capacitación do persoal, o establecemento de mecanismos de información ao público e a provisión dos medios e recursos precisos para a aplicación do plan.

**Artigo 5º.-Rexistro de Plans de Autoprotección.**

1. Crearase o Rexistro de Plans de Autoprotección, que dependerá da Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de protección civil.
2. O rexistro ten como finalidade fundamental o establecemento dunha base de datos sobre o contido dos plans de autoprotección, á que poderán acceder os servizos de emerxencias da

Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos de ampliar a información sobre os centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que facilite e optimice as súas posibles intervencións no caso de sinistro.

3. A inscrición neste rexistro é obrigatoria para todas as actividades, centros e instalacións que se determinan no catálogo de actividades. As non incluídas no devandito catálogo poderán, asemade, inscribirse no rexistro con carácter voluntario.
4. O contido mínimo dos datos que deben ser aportados para a súa inscrición no rexistro serán os que se recollen no anexo IV deste decreto, que, en todo caso, deberán estar sempre actualizados.
5. Os titulares das actividades e dos centros e instalacións públicas e privadas que se determinan no catálogo de actividades deberán solicitar a inscrición do plan de autoprotección con carácter previo ao inicio da súa actividade ou a modificación do exercicio da xa autorizada.
6. A resolución pola que se acorde a inscrición deberase notificar no prazo máximo de tres meses, a contar dende o día seguinte da entrada da solicitude no rexistro do órgano sinalado no apartado 1 deste artigo. Transcorrido este prazo sen que fose notificada resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude. En todo caso a inscrición non supón a concesión de licencia para comenzo da actividade.
7. A implantación do plan de autoprotección recollida no artigo 4.3º deste decreto será inscrita de oficio no Rexistro de Plans de Autoprotección.

#### **Artigo 8º.-Modificacións.**

Calquera modificación no exercicio da actividade que afecte ao contido do plan de autoprotección indicado no anexo II deste decreto dará lugar á presentación dun plan de autoprotección modificado, que se debe tramitar segundo o establecido nos artigos 4º e 5º desta norma.

#### **ANEXO I**

##### **Catálogo de actividades**

##### **e) Centros docentes.**

1. A efectos deste artigo, entenderase como centro docente todo aquel descrito no artigo 40.1º da Lei 5/2007, de 5 de mayo, de emerxencias de Galicia.
2. Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.
3. Calquer outro establecemento de uso docente sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas.

➤ OFERTA EDUCATIVA

**ETAPAS E/OU NIVEIS EDUCATIVOS**

**ÁREAS DE CLASIFICACIÓN**

Educación Secundaria Obrigatoria

[Educación Secundaria Obrigatoria](#)

Bacharelato - Ciencias e Tecnoloxía

[Bacharelato - Ciencias e Tecnoloxía](#)

Bacharelato - Humanidades e Ciencias Sociais

[Bacharelato - Humanidades e Ciencias Sociais](#)

Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería

[Coidados Auxiliares de Enfermería](#)  
[Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería](#)

Técnico en Estética e Beleza

[Estética Persoal](#)  
[Esteticistas](#)  
[Técnico en Estética e Beleza](#)

Técnico en Farmacia e Parafarmacia

[Técnico en Farmacia e Parafarmacia](#)  
[Técnicos Auxiliares de Farmacia](#)  
[Traballos Auxiliares de Farmacia](#)

Técnico en Perrucaría e Cosmética Capilar

[Perrucaría e Cosmética Capilar](#)  
[Perruqueiros, Certificado de Profesionalidade](#)  
[Técnico en Perrucaría e Cosmética Capilar](#)

Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico

[Anatomía Patolóxica](#)  
[Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía](#)  
[Técnicos en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico](#)

Técnico Superior en Documentación Sanitaria

[Documentación en Ciencias da Saúde](#)  
[Técnico Superior en Documentación Sanitaria](#)

Técnico Superior en Estética Integral e Benestar

[Bronceado Artificial](#)  
[Estética Persoal](#)  
[Esteticistas](#)  
[Masaxes Cosméticas](#)  
[Técnico Superior en Estética Integral e Benestar](#)

Técnico Superior en Prótese Dental

[Protésicos Dentais](#)  
[Próteses Dentais](#)  
[Técnico Superior en Próteses Dentais](#)

Técnico Superior en Saúde Ambiental

[Sanidade Ambiental](#)  
[Técnico Superior en Saúde Ambiental](#)



### ➤ **Contido do Plan de Autoprotección:**

**Capítulo 1.** Emprazamento da actividade e Identificación dos titulares.

**Capítulo 2.** Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.

**Capítulo 3.** Inventario, análise e avaliación de riscos.

**Capítulo 4.** Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.

**Capítulo 5.** Programa de mantemento de instalacións.

**Capítulo 6.** Plan de actuación ante emerxencias.

**Capítulo 7.** Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

**Capítulo 8.** Implantación do plan de autoprotección.

**Capítulo 9.** Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.

**Anexo I del PAU.** Directorio de comunicación.

**Anexo II del PAU.** Formularios para a xestión de emerxencias.

**Anexo III del PAU.** Planos.

### ➤ **Obxectivos do Plan de Autoprotección**

- Evitar as causas das emerxencias.
- Ter informados a todos de cómo deben actuar ante unha emerxencia e en condicións normais para a súa prevención.
- Dispor de persoas organizadas, formadas e adestradas que garantan rapidez e eficacia nas accións a emprender para o control da emerxencia.
- Coñecer o edificio e as súas instalacións, perigosidade nos distintos sectores, almacéns, áreas perigosas como cociñas e laboratorios, e os seus medios de protección dispoñibles.
- Garantir a fiabilidade de todos os medios de protección e as instalacións xerais.

➤ **CAPÍTULO 1: Emprazamento da actividade e Identificación dos titulares**

*1.1. Dirección postal do emprazamento da actividade. Denominación da actividade, nome. Teléfono e Fax.*

<b>Denominación Actividade:</b>	<b>Actividade Docente:</b> Educación Secundaria e Ciclos Formativos.
<b>Dirección Postal:</b>	Rúa Raiola, nº 8
<b>Barrio / Polígono:</b>	Lamas de Abade
<b>Localidade:</b>	Santiago de Compostela
<b>Código Postal:</b>	15702
<b>Teléfonos:</b>	881 86 66 11
<b>Fax:</b>	881 86 66 11
<b>Correo Electrónico:</b>	les.lamas.abade@edu.xunta.es
<b>Páxina Web:</b>	<a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamasabade/">http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamasabade/</a>

<b>Razón Social:</b>	Instituto Público de Educación Secundaria e Ciclos Formativos
<b>Titular da Actividade/ Representante:</b>	Directora: M <sup>a</sup> Dolores Picón García
<b>Barrio/ Polígono:</b>	Lamas de Abade
<b>Localidade:</b>	Santiago de Compostela
<b>Código Postal:</b>	15702
<b>Teléfono/s:</b>	881 86 66 11
<b>Fax:</b>	881 86 66 11
<b>E-mail:</b>	les.lamas.abade@edu.xunta.es

**1.2. Identificación dos titulares da actividade. Nome e/ou razón social, dirección postal, teléfono e fax.**

Titularidade da actividade	<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>
Dirección Postal:	Edificio Administrativo de San Caetano
Localidade:	Santiago de Compostela
Código Postal:	15781
Teléfono/s:	981 545 400
Fax:	981 545 443

**1.3. Nome do director do plan de autoprotección e do director ou directora do plan de actuación en emerxencia, no caso de ser distintos. Dirección postal, teléfono e fax.**

<b>Director/a do Plan de Actuación de Emerxencias:</b>	A Directora do Centro: M <sup>a</sup> Dolores Picón García Xefas de estudos: Secundaria: Ana Santos Natal Adultos: Carmen Muruais Conde
<b>Dirección Postal:</b>	Rúa Raiola, nº 8
<b>Barrio/ Polígono:</b>	Lamas de Abade
<b>Localidade:</b>	Santiago de Compostela
<b>Código Postal:</b>	15702
<b>Teléfono/s:</b>	881 86 66 11
<b>Fax:</b>	881 86 66 11
<b>E-mail:</b>	les.lamas.abade@edu.xunta.es

1.4. Identificación dos técnicos redactores do Plan de Autoprotección, Teléfono e Fax.

<p>Nome e Apellidos:</p>	<p><b>Técnicos en Emergencias Sanitarias:</b></p> <p>Arias Rey, José María                  Abades Vazquez, Jesús                  Bravo Sanmartín, Javier                  Budiño Agrelo, Jacobo                  Carbia Carracedo, Rubén                  Carro Ces, Óscar                  Fernandez Abeijon, Manuel                  Fernández Martínez, Fernando                  Fernández Ramos, Silvia                  Figueiras Gallardo, Paula                  Freire Garcia, Jesus                  Gayoso Álvarez, María Isabel                  Paz Millan, Miguel                  Pousa Porto, Maria Concepcion                  Reboredo Durán, Enrique                  Rios Verde, Juan Carlos                  Sanchez Lado, German                  Silva Santomé, Alberto                  Soengas Fernandez, Jaime                  Tojo Vázquez, José Luis                  Valladares Fernández, Jose María</p> <p><b>Profesora:</b>                  Ruth M<sup>a</sup> Vidal Álvarez</p>
<p><b>Agradecimentos</b></p>	<p>Silva Cordo, Manuel: Bombeiro                  Gómez Ríos, María del Carmen: Cruz Vermella                  Padín Quintanal, Nuria: Protección Civil                  Otero Pérez Carmen: Profesora EMSA                  Muruais Conde Carmen: Profesora EMSA</p>
<p><b>Titulación Académica:</b></p>	<p>Técnicos en Emergencias Sanitarias</p>
<p><b>Barrio/ Polígono:</b></p>	<p>Lamas de Abade</p>
<p><b>Localidade:</b></p>	<p>Santiago de Compostela</p>
<p><b>Código Postal:</b></p>	<p>15702</p>
<p><b>Teléfono/s:</b></p>	<p>881 86 66 11</p>

➤ **CAPÍTULO 2: Descripción detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.**

**2.1. Descripción de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.**


**Actividade desenvolvida:**

Centro adicado ao Ensino Secundario e Ciclos Formativos.



O centro permanece aberto dende as 8:30h ata as 23:00h. Horario lectivo de 9:00h ata 14:20h en queda de mañá e de 16:00h ata 23:00h en queda nocturna.

**Planos indicando: ala oeste,este e sur**

**Planos: Exterior e Planta Baixa**



Planos Edificio Principal: 1ª e 2ª Planta



*2.2. Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.*

Ano de construción do centro: 1983

2.2.1. Cadros superficies:

**Edificio principal**

**Planta baixa**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Aula 5	58.50
Aula 7	58.50
Aula 3	58.50
Aula 1 (biblioteca)	58.50
Aula 8	54.00
Aula 6	54.00
Aula 4	58.50
Aula 2	58.50
Servizos profesorado	29.25
Sala de Caldeiras	31.00
Dirección	20.68
Xefatura de estudos	29.25
Sala de profesores	60.45
Aula de música	56.10
Sala de reunións	29.30
Secretaría	45.50
Cafetería	100.75
Orientación	29.25
Conserxería	21.45
Vivenda conserxe	69.55
Servizos alumnos	25.20
<b>Total</b>	<b>1.007</b>

**Planta 1ª**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Aula 15	60.70
Aula 17	60.70
Aula 13	60.70
Aula 11	60.70
Laboratorio prótese dental	91.00
Aula 18	60.70
Aula 16	60.70
Aula 12	60.70
Aula 14	60.70
Departamento de orientación	36.10
Servizos alumnos	25.20
Departamento de ciencias	30.15
Anexo taller anatomía	30.15
Laboratorio anatomía	65.66
Departamento tecnoloxía práctica	30.15
Laboratorio de física	62.30
Laboratorio de ciencias	62.30
Taller de auxiliar de clínica	155.44
Servizos alumnos	25.20
<b>Total</b>	<b>1.099,25</b>



**Planta 2ª**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Aula 25	28.80
Departamento humanidades	28.80
Aula 27	58.24
Aula 23 (Taller de idiomas)	60.97
Aula 21	60.97
Aula 1	89.60
Aula 2	89.60
Aula 28	60.97
Aula 26	60.97
Aula 22	60.97
Aula 24	60.97
Servizos alumnos	25.20
<b>Total</b>	<b>686.06</b>

**Edificio Estética**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Estética 1	128,63
Estética 2	128,63
<b>total</b>	<b>257,24</b>

**Edificio Perrucaría:**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Perrucaría 1	98.98
Perrucaría 2	71.66
<b>total</b>	<b>170,64</b>

**Edificio Salón de actos**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Servicios alumnos	13,95
Servicios alumnos	13,95
Salón de actos	192,60
Servicios alumnos	9,25
<b>total</b>	<b>229,75</b>

**Edificio Emerxencias**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Aula tecnoloxía	124,80
Servicios alumnos	11,02
Aula emerxencias 1	63,60
Aula emerxencias 2	61,20
Servicios alumnos	11,02
oficina	8,84
<b>total</b>	<b>280,48</b>

**Pavillón**

Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )
Pavillón	1.061,73
<b>Total</b>	<b>1.061,73</b>

**2.2.2. Instalacións:**

O edificio foi constituído como centro de ensino secundario, non ten proxecto de xustificación polo que non se dispón de información para a descrición detallada das instalacións do edificio.

Instalacións de servizo ao edificio	Función	Riscos emerxencias
Instalación suministro eléctrico	Suministro enerxía eléctrica, iluminación.	Incendio
Instalación fontanería e abastecemento de auga	Almacenamento, distribución e puntos de consumo.	Verquidos
Sala da Caldeira, calefacción	Producción auga quente.	Incendio, explosión
Ascensores	Transporte de persoas.	Incendio sala máquinas
Instalación de gas propano	Suministro de propano aos laboratorios.	Incendio, explosión.
Tanque gas-oil	Almacenaxe para calefacción	Incendio, explosión

**2.2.3. Vías de Evacuación:**

Nun sentido amplo pódense considerar como medios de evacuación dun edificio a totalidade de sistemas e equipos que permiten conducir aos seus ocupantes ata a vía pública.

Dentro do contexto do Plan de Emerxencia contabilizaranse únicamente as vías de evacuación, entendéndose por vía de evacuación, o percorrido horizontal ou vertical que, a través das zonas comúns da edificación, debe seguirse dende calquera planta, zona ou local deste edificio, ata a saída á vía pública ou espazo aberto que cumpra os requisitos indicados na normativa, agás os aparatos elevadores (ascensores) existentes no edificio.

Segundo esta definición, as vías de evacuación poden ser verticais ou horizontais.

**VÍAS VERTICAIS**

No edificio, as vías verticais de evacuación, grafiadas nos planos, están formadas por escaleiras que posúen as seguintes características:

ESCALEIRA E-1: de descenso dende a segunda planta á primeira planta e planta baixa: 1.50 m de anchura.

ESCALEIRA E-2: de descenso dende a segunda planta á primeira planta e planta baixa: 1.50 m de anchura.

ESCALEIRA E-3: de descenso dende a primeira planta á planta baixa: 1.50 m de anchura.

### VÍAS HORIZONTAIS

Enténdese por vías horizontais os recorridos que en cada planta do edificio, conducen ata as saídas de planta ou saídas do edificio.

O segundo andar dispón de dúas saídas de planta que conducen as escaleiras citadas anteriormente E-1 e E-2 de 1.50 m de anchura ás cales se accede libremente dende os corredores.

Os corredores que conducen a ambas saídas teñen 2.15 m de anchura.

O primeiro andar dispón de dúas saídas de planta que conducen ás escaleiras citadas anteriormente E-1, E-2 e E-3 de 1.50 m de anchura as cales accedese libremente desde os corredores. Os corredores que conducen a ambas saídas poseen 2.15 m de anchura.

A planta baixa dispón de dúas saídas de planta sendo unha delas saídas do edificio (á rúa Raiola ). A saída do edificio prodúcese a través de dúas portas de dobre folla de 1.90 m de anchura e apertura no sentido da evacuación (porta principal de entrada o edificio). A outra saída prodúcese a través dunha porta de dobre folla de 2 m de anchura e apertura no sentido da evacuación (ó patio). Os corredores que conducen a ambas saídas poseen 2.15 m de anchura e unha entrada de 6.80 m.

Os edificios anexos ao principal dispoñen de saídas directas ao patio.

O recinto está valado e dispón dunha entrada de 2 m de ancho e apertura no sentido da evacuación e dun portal eléctrico para uso de automóbiles, de 4 m de anchura.

#### 2.2.4. Ocupación teórica máxima

O centro non chega a ter a ocupación máxima teórica xa que nos ciclos formativos repártense entre o réximen ordinario diurno e o modular nocturno.

As aulas clasifícanse en dous tipos; grandes ou pequenas (ocupación máxima 30 alumnos e 16 respectivamente).

As actividades, superficies e poboación teórica do edificio, reflíctense nas taboas seguintes:

<b>Planta Baixa:</b>		
<b>Zona</b>	<b>Superficie (m<sup>2</sup>)</b>	<b>Ocupación Teórica Máxima</b>
Aula 5	58.50	26
Aula 7	58.50	-
Aula 3	58.50	5
Aula 1 (biblioteca)	58.50	-
Aula 8	54.00	-
Aula 6	54.00	25
Aula 4	58.50	22
Aula 2	58.50	10
Servizos profesorado	29.25	-
Sala de Caldeiras	31.00	-
Dirección	20.68	2
Xefatura de estudos	29.25	2
Sala de profesores	60.45	78
Aula de música	56.10	-
Sala de reunións	29.30	-
Secretaría	45.50	9
Cafetería	100.75	-
Orientación	29.25	-
Conserxería	21.45	1
Vivenda conserxe	69.55	-
Servizos alumnos	25.20	-
<b>Total</b>	<b>1.007</b>	<b>180</b>

<b>Planta segunda:</b>		
<b>Zona</b>	<b>Superficie (m<sup>2</sup>)</b>	<b>Ocupación Teórica Máxima</b>
Aula 25	28.80	18
Departamento humanidades	28.80	-
Aula 27	58.24	25
Aula 23 (Taller de idiomas)	60.97	-
Aula 21	60.97	19
Aula 1	89.60	-
Aula 2 debuxo	89.60	-
Aula 28	60.97	21
Aula 26	60.97	21
Aula 22	60.97	19
Aula 24	60.97	-
Servizos alumnos	25.20	-
<b>Total</b>	<b>686.06</b>	<b>123</b>

<b>Edificio estética:</b>		
<b>Zona</b>	<b>Superficie (m<sup>2</sup>)</b>	<b>Ocupación Teórica Máxima</b>
Estética 1	128,63	40
Estética 2	128,63	42
<b>total</b>	<b>257,24</b>	<b>82</b>

Edificio perrucaría:		
Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )	Ocupación Teórica Máxima
Perrucaría 1	98.98	32
Perrucaría 2	71.66	33
<b>total</b>	<b>170,64</b>	<b>65</b>

Edificio emerxencias:		
Zona	Superficie (m <sup>2</sup> )	Ocupación teórica máxima
Aula tecnoloxía	124,80	-
Servizos alumnos	11,02	-
Aula emerxencias 1	63,60	29
Aula emerxencias 2	61,20	32
Servizos alumnos	11,02	-
Oficina	8,84	-
<b>total</b>	<b>280,48</b>	<b>61</b>

### CÁLCULO DE VÍAS VERTICAIS

Enténdese por vías verticais os percorridos ascendentes ou descendentes que dende cada planta conducen ao exterior ou a un espazo aberto.

A anchura das escaleiras non protexidas, obtense coa seguinte expresión:

En escaleiras previstas para evacuación descendente.  $A \geq P / 160$

En escaleiras previstas para evacuación ascendente.  $A \geq P / (160 - 10h)$

**Onde:**

A = Anchura da escaleira en metros.

P = Ocupantes asignados á escaleira no conxunto de todas as plantas situadas por enriba do tramo considerado, cando a evacuación do devandito tramo estea prevista en sentido descendente. Ou por debaixo, cando estea prevista en sentido ascendente.

No caso da escaleira protexida é o número de ocupantes asignados á escaleira no conxunto das plantas ás que serve.

$h$  = Altura de evacuación ascendente en metros.

En todo caso, a anchura mínima das escaleiras será de 1 m.

O cálculo da cantidade de ocupantes para cada escaleira farase da seguinte forma:

Os ocupantes dirixiranse á escaleira da súa zona xa que o edificio dispón dunha escaleira por ala as cales se identifican como ala este, oeste e sur

**ESCALEIRA E-1 (ala este segunda planta):**

$P = 160$   $A = 160 * 1.50 = 240$  persoas

O número de ocupantes asignados a esta escaleira é de 108 (ocupantes do segundo andar asignados a esta escaleira).

A capacidade de evacuación da escaleira é suficiente.

Se supoñemos bloqueada a escaleira E-2, o número de ocupantes asignados á escaleira E-1 sería de 230 (ocupantes do segundo andar) polo que a capacidade de evacuación da escaleira sería suficiente, porén hai que ter en conta que na práctica esta planta no posúe unha poboación real de 230 ocupantes, o habitual é que haxa sempre aulas baleiras.

**ESCALEIRA E-1 (ala este primeira planta):**

$P = 160$   $A = 160 * 1.50 = 240$  persoas

O número de ocupantes asignados a esta escaleira é 230 (ocupantes do segundo andar + ocupantes do primeiro andar asignados a esta escaleira).

A capacidade de evacuación da escaleira é suficiente.

Se supoñemos bloqueada a escaleira E-2, o número de ocupantes asignados á escaleira E-1 sería de 474 (244 ocupantes do primeiro andar e 230 ocupantes do segundo andar) polo que a capacidade de evacuación da escaleira teóricamente sería insuficiente, polo que a evacuación debe organizarse de modo que ata que non saian todos os ocupantes do primeiro andar, non empeza a evacuación dos do segundo andar, no entanto, como xa comentamos anteriormente hai que ter en conta que na práctica esta planta no posúe unha poboación real de 474 ocupantes, lo habitual é que haxa sempre aulas baleiras.

**ESCALEIRA E-2 (ala oeste segunda planta):**

$P = 160$   $A = 160 * 1.50 = 240$  persoas

O número de ocupantes asignados a esta escaleira é 122 (ocupantes da segunda planta asignados a esta escaleira).

A capacidade de evacuación da escaleira é suficiente.

Se supoñemos bloqueada a escaleira E-1, o número de ocupantes asignados á escaleira E-2 sería de 230 (ocupantes da segunda planta) polo que a capacidade de evacuación da escaleira sería suficiente, no entanto hai que tener en conta que na práctica esta planta non posúe unha poboación real de 230 ocupantes, o normal é que haxa sempre aulas baleiras.



**ESCALEIRA E-2 (ala oeste primeira planta):**

$P = 160$   $A = 160 * 1.50 = 240$  persoas

O número de ocupantes asignados a esta escaleira é de 122 (ocupantes da primeira planta).

A capacidade de evacuación da escaleira é suficiente.

Se supoñemos bloqueada a escaleira E-1, o número de ocupantes asignados á escaleira E-2 sería de 474 (244 ocupantes da primeira planta + 230 ocupantes da segunda planta) polo que a capacidade de evacuación da escaleira teóricamente sería insuficiente, por tanto a evacuación debe organizarse de xeito que ata que non saian todos os ocupantes da primeira planta, non empezan a evacuar os da segunda planta, porén como xa se dixo anteriormente hai que tener en conta que na práctica esta planta non posúe unha poboación real de 474 ocupantes, o normal é que haxa sempre aulas baleiras.

**ESCALEIRA E-3 (ala sur solo primeira planta)**

$P = 160$   $A = 160 * 1.50 = 240$  persoas

O número de ocupantes asignados a esta escaleira é 150 (ocupantes da ala sur).

A capacidade de evacuación da escaleira é suficiente.

Se supoñemos bloqueada a escaleira E-1 e E-2, o número de ocupantes asignados á escaleira E-1 sería de 624 (244 ocupantes da primeira planta + 230 ocupantes da segunda planta + 150 ocupantes da ala sur primeira planta) polo que a capacidade de evacuación da escaleira teóricamente sería insuficiente, por tanto a evacuación debe organizarse de maneira que ata que non evacúen todos os ocupantes da primeira planta, non empezan a evacuar os da segunda planta no entanto, como xa se dixo anteriormente hai que ter en conta que na práctica esta planta non posúe unha poboación real de 624 ocupantes, o normal é que haxa sempre aulas baleiras.

**CÁLCULO DE VÍAS HORIZONTAIS**

Enténdese por vías horizontais os recorridos que en cada planta do edificio, conducen ata as saídas de planta ou saídas do edificio.

Calcúlase a anchura necesaria para a evacuación nos corredores, saídas de recintos ocupados, saídas de planta e saídas de edificio.

Para calcular esta anchura, é necesario realizar unha asignación de ocupantes a cada corredor e a cada tipo de saída de acordo cos criterios establecidos na norma anteriormente citada.

A anchura obtense aplicando a fórmula seguinte:  $A = P / 200$

Sendo:

A = Anchura de cálculo en metros.

P = Ocupantes asignados.

A anchura libre en portas, pasos e ocos previstos como saída de evacuación será igual ou maior que 0.80 m. A anchura libre en corredores e ramplas previstos como recorridos de evacuación será

igual ou maior que 1.00 m (0,80 m en corredores previstos para 10 persoas, como máximo, e éstas sexan usuarios habituais.

**Planta baixa:**

- Anchura porta de saída a rúa Raiola: 1.90 m.  $P = A * 200 = 380$  persoas. Suficiente.

- Anchura porta de saída a patio principal e edificios anexos: 1.90 m.  $P = A * 200 = 380$  persoas

A capacidade de evacuación da porta só é suficiente se, como se comentou anteriormente, a evacuación realízase de xeito, que ata que non evacúen todos os ocupantes das plantas inferiores, non empecen a evacuar os ocupantes das superiores.

**Primeira planta:**

- Anchura acceso escaleira E-1: 1.50 m.  $P = A * 200 = 300$  persoas

- Anchura acceso escaleira E-2: 1.50 m.  $P = A * 200 = 300$  persoas

- Anchura acceso escaleira E-3: 1.50 m.  $P = A * 200 = 300$  persoas

A capacidade de evacuación é suficiente, aínda que non así no caso de que estivese anulada unha das saídas.

**Segunda planta:**

- Anchura acceso escaleira E-1: 1.50 m.  $P = A * 200 = 300$  persoas

- Anchura acceso escaleira E-2: 1.50 m.  $P = A * 200 = 300$  persoas

A capacidade de evacuación é suficiente, aínda que estivese anulada unha das saídas.

Nos edificios anexos a saída é directa ao patio coas seguintes medidas:

**Edificio estética:**

Duas portas de 1.30 m de anchura e apertura no sentido da evacuación: 1.30 m.

$P = A * 200 = 260$  persoas. Suficiente

**Edificio perrucaría:**

Unha porta de 1.85 m de anchura e apertura no sentido da evacuación: 1.85 m.

$P = A * 200 = 370$  persoas. Suficiente

**Edificio emerxencias:**

Dúas portas de 2 m de anchura e apertura no sentido da evacuación : 2m.

$P = A * 200 = 400$  persoas. Suficiente

**Edificio salón de actos:**

Unha porta de 1.40m de anchura e apertura no sentido da evacuación : 1.40m.

$P = A * 200 = 280$  persoas. Suficiente

### *2.3. Clasificación e descripción de usuarios.*

**Alumnos:** 808 (neste curso académico)

**Profesores:** 82

**Persoal de administración e servizos:** 9

**Visitantes**

**Operarios:**

- a) Traballadores/as pertencentes o servizo de limpeza
- b) Traballadores/as pertencentes á empresa de mantemento informático.
- c) Traballadores/as pertencentes á empresa de actividades extraescolares

### *2.4 Descripción da contorna urban, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.*

#### *2.4.1. Descripción da contorna urbana, natural*


O centro ubícase nun entorno arbolado.

Póximo ao mesmo atópanse outros centros educativos: O Centro de Educación especial Aspanaes e o Centro de Educación Infantil Raiña Fabiola.

#### *2.4.2. Descripción dos accesos*

Ao centro pódese acceder pola estrada SC-11 que comunica con Santiago de Compostela. Dita estrada ten acceso pola N-525 se se vén de Silleda/Vedra/Lalín ou pola AP-53. Posteriormente desviarémonos pola Rúa da Chaparra virando posteriormente á esquerda cara á rúa Lamas de Abade, despois colleremos á dereita cara á rúa Divina Pastora e por último á esquerda pola rúa Raiola onde está situado o centro.

Se vimos de Santiago seguiremos a mesma ruta tomando a 3ª saída na rotonda do Corte Inglés cara a SC-11 e posteriormente sairemos no primeiro cruzamento que atoparemos á man dereita a escasos 100m, pasaremos por debaixo do paso soterrado para acabar seguindo a mesma ruta anteriormente descrita.



➤ **CAPÍTULO 3: Inventario, análise e avaliación de riscos.**

**3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de modo desfavorable no desenvolvemento da mesma.**

**INSTALACIÓNS E SERVIZOS DE RISCO ESPECÍFICO**

Neste apartado menciónanse aqueles lugares nos que a actividade a desenvolver, as súas características ou material almacenado, incrementa a posibilidade dun conato de incendio ou favorecen a propagación do mesmo.

Os locais e as zonas de risco especial clasifícanse (según o código técnico da edificación C.T.E) en tres tipos: de risco alto, de risco medio e de risco baixo. Seguindo os criterios establecidos no C.T.E tendo ademáis en conta tamén outros factores de risco, tales como a situación dos locais (cercanía as aulas), a súa ocupación, etc.:

**- Cuarto de caldeira**

Situado na planta baixa xunto secretaría

Risco medio.

**- Depósito de gas-oil**

Situado no patio principal (enterrado ao lado do edificio de emerxencias) próximo a zona de aulas.

Risco alto.

**- Instalación de gas propano**

Encóntranse 10 botellas de propano situadas na caseta no patio secundario xunto á aula de perrucaría. A caseta está destinada especificamente a tal fin, posúee ventilación suficiente e está sinalizada.

Risco alto.

**- Cuarto de contadores, transformadores e cuadro xeneral de electricidade**

Situado no medio do edificio de perrucaría posúe as medidas de seguridade axeitadas e está sinalizado, próximo a aulas.

Risco alto.

**- Biblioteca**

Situada na planta baixa á esquerda dá entrada principal.

Risco medio.

**- Talleres de perrucaría**

Situados no edificio anexo (edificio perrucaría)

Risco medio.

**-Talleres de estética**

Situados no edificio anexo (edificio estética)

Risco medio

**- Laboratorios.**

Situados na planta primeira.

Risco alto.

**- Arquivo, despachos, sala de profesores, fotocopiadora.**

Situados na planta baixa distribuídos a ambos lados dun corredor á dereita dá entrada principal.

Risco baixo.

**-Cafetería**

Situada na planta baixa ao lado da sala de profesores con accesos polo interior e exterior (patio)

Risco medio.

**3.2 Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectarlle.**

**CLASIFICACIÓN E AVALIACIÓN DO RISCO**

**POLO RISCO INTRÍNSECO**

A avaliación do risco intrínseco de incendio do centro de traballo realízase seguindo os criterios expostos na Orde do Ministerio do Interior do 29 de Novembro de 1984, polo que se aproba o Manual de Autoprotección para o desenvolvemento do Plan de Emerxencia contra Incendios e de Evacuación en Locais e Edifícios. Esta Orde clasifica os edificios en función do seu uso, superficie, altura e da ocupación de persoas/m<sup>2</sup>.

Os edificios destinados a uso docente clasifícanse nos seguintes grupos, de acordo coas súas características:

Grupo 0: edificios cuxa altura non sexa superior a sete metros e cuxa capacidade non sexa superior a 200 alumnos.

Grupo I: edificios cuxa altura non sexa superior a 14 metros e cuxa capacidade non sexa superior a 1.000 alumnos.

Grupo II: edificios cuxa altura non sexa superior a 28 metros e cuxa capacidade non sexa superior a 2.000 alumnos

Grupo III: edificios cuxa altura sexa superior a 28 metros ou cuxa capacidade sexa superior a 2.000 alumnos.

A clasificación do risco en función do grupo o que pertence o edificio é a seguinte:

Grupos 0 e I: risco baixo

Grupo II: risco medio

Grupo III: risco alto

No caso que nos ocupa o edificio estaría clasificado dentro do grupo I, polo tanto correspondelle un risco intrínseco baixo.

Os edificios anexos estarían clasificados dentro do grupo 0; risco baixo.

***3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas á mesma que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.***

Básicamente en todas as dependencias obxecto deste documento estará presente persoal docente, non docente e alumnos do centro así como outras visitas varias que poidan acudir ao centro (pais de alumnos, empresas de servizos externas, modelos para talleres, etc.) ao ter entrada libre sen controis.

Os usuarios do centro pódense clasificar do seguinte modo:

- Administración e servizos: 9
- Docentes: 82
- Alumnado: 856
- Nº de discapacitados: 0

**Total:** 943 personas (como xa se dixo antes, éste é o número total de persoas, non o real que poida ter o centro en horario lectivo). E dicir en ningún caso van coincidir os 856 alumnos nin os 82 docentes.

➤ **CAPÍTULO 4: Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.**

**4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, afrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.**


**4.1.1. Medidas e Medios humanos:**

**EQUIPOS DE EMERXENCIA**

Para levar a cabo este Plan de Autoprotección é preciso contar cunha serie de persoas debidamente organizadas, e informadas nas formas de actuar e de comportarse ante estas situacións. Estes grupos de medios humanos estarán baixo a dirección dunha persoa ou Xefe de Equipo, que por circunstancias do tipo de establecemento que estamos tratando, van variar no só en canto a días da semana, senon inclusive a cada hora do día, polo que, en vez de nome e apelidos, imos designar estas figuras de acordo co posto de traballo que realizan nese momento.

En principio estes equipos van ser os seguintes:

- **Equipo de Evacuación de Aula. E.E.A.**
- **Equipo de Primeiros Auxilios. E.P.A.**
- **Equipo de Emerxencia Xeral. E.E.**





### EQUIPO DE EVACUACIÓN DE AULA

Estes equipos teñen como labor fundamental colaborar na evacuación ordenada do correspondente grupo académico. En todo momento deberán seguir as ordes dadas polo xefe do mesmo, a partires dunhas recomendacións xerais que todo o persoal do Centro debe coñecer e que estarán expostas en cada unha das aulas do Instituto.

Os equipos estarán formados polo profesor de ese grupo, o delegado e o subdelegado.

En principio, os compoñentes dos distintos equipos poden ser o delegado, o subdelegado e se eles non estiveran, poderán suplilos dous alumnos designados polo profesor.


Unha vez realizada a selección dos compoñentes, ésta plasmarase nun Cartel que se colocará ao lado das instrucións a seguir no caso de Evacuación.

Periódicamente revisarase a asistencia á clase dos mesmos e se se apreciara faltas continuadas de algúns dos membros, procederase ao nomeamento doutros auxiliares. A continuación adxúntase un exemplo do Cartel que se colocará en cada unha das aulas para indicar a composición do E.E.A.

Estes equipos cuxa misión fundamental é colaborar na evacuación, tamén deberán estar preparados e dispostos para facer fronte a un Conato de Emerxencia ou Emerxencia Parcial que se presente nas proximidades da aula, ben por percatarse dela directamente ou ben por ser avisados por algún testigo do suceso.

O Instituto disporá de tantos E.E.A como aulas ou zonas de traballo ou de estudo haxa nese momento. Os compoñentes de estos E.E.A., recibirán unha formación sobre as operacións que teñen que realizar, de Intervención e de Evacuación.

Ao principio do curso programaranse unhas charlas, para explicar o funcionamento dos mesmos, de igual xeito que se explican o funcionamento de Gardas, Bibliotecas, Titorías, etc. do profesorado. No caso da Biblioteca, funcionará como un grupo académico especial, onde o profesor encargado nese momento da mesma, será o responsable máximo deste E.E.A., con aqueles auxiliares que el nomee nese momento.



## EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS. E.P.A

Dunha forma moi parecida aos E.E.A., o Instituto tamén disporá dunha serie de equipos E.P.A., que se encargarán de socorrer aos accidentados, tanto en emerxencias individuais como colectivas.


Estes equipos estarán formados polo profesor que nese momento imparta clase no Ciclo de Grado Medio de Emergencias Sanitarias e os alumnos que o profesor-titor escollo con anterioridade, de acordo cos criterios de eficacia que o profesor propoña.

Os alumnos elexidos e todos os profesores, igual que no caso anterior, convén que estean preparados para estas tarefas, polo que ao longo do curso realizaranse prácticas neste sentido.

Convén que se saiba o nome dos membros destes equipos, que non deben coincidir cos membros do E.E.A. dese grupo.

Igual que no caso dos E.E.A., confeccionarase un Cartel que se colocará na aula do Ciclo de Grado Medio de Emergencias Sanitarias, para indicar a composición do E.P.A.

Como pode coincidir que, mentres o equipo de primeiros auxilios estea socorrendo a un accidentado haxa que realizar unha Evacuación Xeral, os compoñentes do E.E.A. dese grupo, encabezados ou dirixidos polo Delegado ou Subdelegado ou en último lugar por un dos Auxiliares que estean nomeados no Cartel, faranse cargo da evacuación dese grupo ata o lugar de reunión. Isto é un caso especial, que se debe comunicar aos compoñentes do equipo.



### EQUIPO DE EMERXENCIA XERAL. E.E.X.

Trátase dun conxunto de persoas que se encargarán de avaliar as Emerxencias e garantir a Alarma e a Evacuación Xeral dos distintos edificios no caso de que fose preciso. Realmente terá a misión de decidir a necesidade dunha Evacuación e unha vez iniciada, encargarse de organizala e dirixila.

Aínda que neste caso tampouco se pode constituir con nomes e apelidos, a súa composición é máis sinxela de concretar e estará formada por:

- Director/Xefe de Estudos que desempeñará as tarefas de **Xefe do Equipo**, con autoridade máxima no desenvolvemento do Plan de Evacuación. Se por algunha circunstancia o Director/Xefe de Estudos estivera ausente, ocuparía o seu lugar, o membro do equipo directivo que se encontrase de garda.
- O Profesor ou Profesor de Garda, que colaborarán nas tarefas encomendadas polo xefe do equipo.
- O Conserxe ou conserxes, que como no caso dos anteriores tamén estarán ás ordes do xefe do equipo, e que terán unha serie de labores predeterminadas a seguir, debido aos seus coñecementos máis exhaustivos das instalacións.

Tamén se farán uns carteis, que se colocarán na Xefatura de Estudos, Sala de Profesores e en Conserxería, para que todo o persoal do Instituto o dos equipos externos saiba a súa composición.



### A ALARMA

O Centro xa dispón do coñecido “Timbre”, utilizado para o cambio de clase, que funciona automaticamente e que se atopa na conxexería.

Este aparato, que na actualidade funciona mediante un reloxo-programador, emitindo un sonido continuo, podémolo utilizar manualmente no caso de necesidade, o que nos vai permitir utilizalo como alarma de evacuación.

Como indicaremos máis adiante nas consignas a ter en conta á hora da emerxencia e posterior evacuación, poderemos por un sinal concreto, como poden ser tres largos toques de timbre ou timbrazos, que se repetirían unha vez pasados 15 segundos, para confirmar a Evacuación Xeral.



#### 4.1.2. Servizos externos de Emerxencia:

Ante os posibles riscos detectados por ubicación do centro como por instalacións dispoñibles e aglomeracións, cóntase cos seguintes medios de actuación tanto internos como externos diferenciados por tipoloxía segundo tipo de intervención.

### EXTINCIÓN

### BOMBEIROS



<b>SERVIZO</b>	<b>BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>
<b>Dirección:</b>	AVD.RODRIGUEZ DE VIGURI 45
<b>Distancia a este centro:</b>	4,9 KM
<b>Resposta isocrónica en minutos:</b>	13 MINUTOS
<b>Información adicional sobre o medio</b>	TLF: 112/981542444

SEGURIDADE

POLICIA LOCAL



<b>SERVIZO</b>	<b>POLICIA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>
<b>Dirección:</b>	C/TRINIDADE S/N
<b>Distancia a este centro:</b>	4,5 KM
<b>Resposta isocrónica en minutos:</b>	12 MINUTOS
<b>Información adicional sobre o medio</b>	TLF: 112/981542323

**POLICÍA NACIONAL**



SERVIZO	POLICIA NACIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Dirección:	AVD DE RODRIGO DEL PADRON Nº3
Distancia a este centro:	3,9 KM
Resposta isocrónica en minutos:	10 MINUTOS
Información adicional sobre o medio	TLF: 112/981551100

**POLICIA AUTONÓMICA**



SERVIZO	POLICIA AUTONOMICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Dirección:	RUA DAS FONTIÑAS
Distancia a este centro:	4,1 KM
Resposta isocrónica en minutos:	9 MINUTOS
Información adicional sobre o medio	TLF: 112/981546647

A mobilización dos medios de seguridade correspondentes realizarase na medida do posible a través do 112 para que a chamada quede gravada e non se produzan problemas de competencias sendo o CAE112 quen decidirá a quen chamar.

**MEDIOS SANITARIOS**

**FUNDACIÓN PÚBLICA DE URXENCIAS SANITARIAS 061**



SERVIZO	URXENCIAS SANITARIAS 061
Dirección:	EDIFICIO DE USOS MULTIPLES DE SAN MARCOS
Distancia a este centro:	3,8 KM
posta isocrónica en minutos:	6 MINUTOS
Información adicional sobre o medio	TLF: 061/981551995

OUTROS MEDIOS

PROTECCION CIVIL SANTIAGO DE COMPOSTELA



SERVIZO	PROTECCION CIVIL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Dirección:	ESTADIO DE SAN LAZARO
Distancia a este centro:	4,9 KM
Resposta isocrónica en minutos:	9 MINUTOS
Información adicional sobre o medio	TLF: 112/981543105



4.1.3. Medios Materiais internos de Emerxencia:

EXTINCIÓN (B.I.E.S E EXTINTORES)

O centro conta cun amplo catálogo de medios internos de extinción empezando por extintores de Dioxido de Carbono (CO<sub>2</sub>) para incendios de tipo Eléctrico, debido a que non producen apenas danos unha vez desaparece, tamén para lumes de tipo B (Líquidos inflamables), ditos extintores encóntranse na cafetería, no corredor de xefatura e na porta do cadro eléctrico (VER MAPAS).

Por o resto do centro encóntranse repartidos os demais extintores sendo estos de polvo ABC indicados para lumes de tipo Sólido, Líquidos inflamables e en menor medida de eléctricos. (VER MAPA PARA SITUACIÓN), todos os extintores se atopan sinalizados cumprindo as debidas normativas:

- UNE 81501-81 “Sinalización nos lugares de traballo”
- UNE 23033-81 “Seguridade contra incendios. Sinalización”
- UNE23034-88 “Seguridade contra incendios. Sinalización de seguridade. Vías de evacuación”
- Decreto 485/1997, de 14 de abril, disposicións mínimas en materia de Sinalización de seguridade e Saude no Traballo
- Decreto 486/1997, de 14 de abril, disposicións mínimas de seguridade e saude nos lugares de Traballo

Ademáis, os sinais que deban ser fotoluminiscentes (Fotoluminiscencia : Emisión de luz que é consecuencia da absorción previa dunha radiación), segundo se recolle na norma básica NBE-CPI-96, deberán cumprir coas especificacións que se recollen na norma UNE 23035-1 (parte 1, III e IV).

No ANEXO EXTINTORES encóntrase o estado dos mesmos, caducidade, última revisión e timbrado que **deberá ser revisado e actualizado anualmente.**

Polo centro atópanse repartidas distintas BIES de extinción con un racor de 45mm de tipo Barcelona revisados e sinalizados (VER MAPAS PARA UBICACIÓN).



EXTINTOR DE PO E BIE



EXTINTOR DE CO2

**EXTINCIÓN (PUNTOS DE CARGA)**

Boca de carga para camións no exterior do recinto, a pouca DISTANCIA da entrada. Ubicada na beirarrúa situada diante do centro en sentido descendente diante do recinto de ASPANAES.

- PRESION: SI/NON
- Comprobada na data:
- Racor tipo:
- Diámetro racor:



**PRIMEIROS AUXILIOS (BOTIQUINS)**

Existen diferentes botiquíns repartidos polo centro en caso de ser precisas curas de primeiros auxilios que en ningún caso se substituirán pola chamada a medios de emerxencia se a lesión o require, para ver a súa localización poderanse consultar os mapas que existen máis adiante. En calquera caso terán un contido mínimo de:

- Analxésicos como por exemplo: Aspirinas e Termalgin.
- Antiácidos.
- Produtos para queimaduras como por exemplo: Silvederma Spray.
- Vendaxes elásticos de distintos tamaños.
- Algodón.
- Esparadrapo de diversas medidas.
- Gasas esterilizadas.
- Antisépticos como: Mercromina ou Betadine.
- Tesoiras.
- Pinzas.
- Auga osixenada, alcohol,etc



4.2. As medidas e os medios, humanos e materiais, dispoñibles en aplicación de disposicións específicas en materia de seguridade. Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e acompañarase como mínimo coa documentación gráfica seguinte:

*Planos de situación dos medios de autoprotección, conforme á normativa UNE.*

*Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, reflectindo o número de persoas a evacuar ou confinar por áreas segundo os criterios fixados na normativa vixente.*

*Planos de compartimentación de áreas ou sectores de risco.*

### **MEDIOS INTERNOS e RUTAS DE EVACUACIÓN**


#### **NBA (Norma Básica de Autoprotección)**

Comprende o Real Decreto 393:2007.


Onde se indica a obriga con carácter retroactivo de xerar Plans de Autoprotección de todas as actividades que estean comprendidas dentro do Anexo I (entre outros pública concurrencia); asemade a necesidade da existencia de planos de percorridos de evacuación, áreas de confinamento e ubicación dos medios de autoprotección conforme a normativa UNE.

#### **Lenda**


- **EXTINTOR** 
- **BOTIQUINS** 
- **B.I.E** 
- **RUTA EVACUACIÓN** 
- **ASCENSORES** 



COLOCACION DE EXTINTORES E B.I.E. No EXTERIOR E PLANTA BAIXA




COLOCACION DE EXTINTORES E B.I.E. EN EXTERIOR E PRIMEIRA PLANTA



PLANTA PRIMERA  
PLANTA PRIMER

COLOCACIÓN DE EXTINTORES E B.I.E EN EXTERIOR E SEGUNDA PLANTA



NO CASO DE EVACUACIÓN AS RUTAS A SEGUIR SERÁN AS SINALIZADAS CON FRECHAS VERDES NO PLANO DE CADA PLANTA, SENDO OS PUNTOS VERMELLOS OS LUGARES DE CONFLUENCIA, E BAIXANDO POLAS ESCALEIRAS EN FILA ÚNICA E DE FORMA ORDENADA, O CONTROL DE DITA EVACUACIÓN SERÁ LEVADO A CABO POLO PROFESORADO DE CADA AULA OS CALES SERÁN RESPONSABLES DE MANTER A CALMA ENTRE O ALUMNADO, INDICAR AS RUTAS A SEGUIR E CONTROLAR QUE OS SEUS ALUMNOS ESTEAN LISTOS ANTES DE PROCEDER Á EVACUACIÓN, ADEMÁS AO FINALIZAR A EVACUACIÓN CHEGADOS AO PUNTO DE ENCONTRO PASARÁN LISTA PARA COMPROBAR QUE NINGÚN ALUMNO QUEDARA ATRÁS.

PUNTO DE ENCONTRO



O punto de encontro é aquela zona fóra do edificio cara a onde teñen que dirixirse as persoas que se evacúan co fin de **permanecer ata o final da emerxencia**

## ➤ CAPITULO 5: Programa de mantemento de instalacións

### *5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.*

O mantemento das instalacións realizarase conforme **establece a normativa vixente**. Dentro do Plan establécese o **control de mantemento** das instalacións e deixase **constancia documental** das revisións que se efectúan.

Hai que revisar e manter:

- **A instalación eléctrica:** Luz gas natural Fenosa.
- **Instalacións de gas:** Luz gas natural Fenosa.
- **Instalación de aire acondicionado:** Este centro carece de instalación de aire acondicionado.
- **A instalación de calefacción:** Depósito de gasoil, compañía que mellor precio ofrezca.
- **Sistema de comunicacións:** Wifi con internet de alta velocidade e teléfonos fixos.
- **Os equipos de elevación:** Ascensor (válido ata Abril 2017) compañía Schindler.

### *5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.*

Desenvolverase segundo o RD 1942/1993 e a Orde de 16/04/1998.

A iluminación **de emerxencia e a sinalización** considérase tamén como instalacións de protección e deberán revisarse nuns periodos prudentes, **en torno aos seis meses**.

A iluminación de emerxencia realizaráselle unha **proba de funcionamento**.

Con respecto á sinalización comprobarase que **está visible e que cumpre a súa función**, xa que puidéronse cambiar determinados aspectos da instalación durante os últimos meses e non se modificou o sinal. As instalacións de autoprotección do establecemento ou dependencias, son susceptibles de orixinar situacións de emerxencia ante a súa ineficacia no momento da súa utilización, polo que é preciso e por tanto obrigatorio, realizar tarefas de mantemento debidamente autorizadas polo órgano competente e cumprindo a normativa a aplicar.

Para unificar criterios operativos, o mantemento debe realizarse por cada elemento, é dicir extintores, bocas de incendio equipadas, etc., debéndose definir os seus procedementos en base á normativa, manuais do proveedor da instalación, á bibliografía existente sobre elas ou a boas prácticas de recoñecido prestixio. Así mesmo débese incluír como operacións as revisións e/ou Inspeccións Periódicas Regulamentarias destas instalacións reflectidas no RD1942/1993.

### *5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.*

De todas as inspeccións, sexan do tipo que sexan, **deberá quedar constancia documental**. As inspeccións e/ou revisións están indicadas nos distintos Reglamentos de Seguridade e



Reglamentación anexa á actividade. Plantillas de control das operacións realizadas co Vº Bº dos responsables, onde queden reflectidas as operacións de mantemento realizadas e as inspeccións de seguridade, conforme á normativa vixente e esixida segundo tipo de actividade.

INSPECCIÓNS DE SEGURIDADE	
Periodicidade das inspeccións	Realizador das inspeccións
<b>Caldeiras, economizadores, prequentadores e requentadores (MIE-AP-1)</b>	
A inspección de seguridade de caldeiras realízase aproximadamente cada ano.	<b>Fabricante, instalador ou mantemento da propia Empresa:</b> realiza Antonio Vieiro, profesional autónomo con título homologado.
<b>Tuberías de fluidos relativos a caldeiras (ITC-MIE-AP-2)</b>	
Anualmente, revísanse por se hai principios de corrosión.	Inspección realizada por Antonio Vieiro.
<b>Extintores portátiles (ITC-MIE-AP-5 )</b>	
Anualmente, en setembro de cada ano.	Empresa que realiza a inspección: Galaico extintores. <u>(C/ ROCHA NOVA, 16. SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA.</u>
<b>Botellas e botellóns (ITC-MIE-AP-7)</b>	
Cada 3, 5 y 10 anos, segundo ADR	Por <b>OCA</b>
<b>Recipientes frigoríficos (ITC-MIE-AP-9)</b>	
1ª aos 10 anos desde a entrada en servizo, 2ª e posteriores, cada 5 anos.	Por un <b>instalador frigorista ou por o servizo de mantemento da Empresa</b> si $P^*V \geq 40$ ; e por o Órgano competente da Comunidade Autónoma ou unha OCA

## ➤ Capítulo 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIA

O Plan de Emerxencia ten por obxectivo establecer a organización necesaria e procedementos operativos para intervir no caso de incendio, ameaza terrorista, inundación, fugas i evacuación ou confinamento do edificio/s do I.E.S LAMAS DE ABADE.

O fin que se persigue é poder responder de forma rápida, coordinada i eficaz desde os primeiros momentos da situación de emerxencia, para minimizar as consecuencias, tanto humanas como materiais, que se derivan de todas estas situacións.

### 6.1. IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

#### 6.1.1. En función do tipo de risco

- Riscos de orixe interna: prodúcense no interior do centro.
  - Risco de incendio, explosión.....
- Risco de orixe externa; prodúcense no exterior do centro, cuxas consecuencias poden afectar ao propio establecemento. Entre estos encóntranse:
  - Riscos naturais ou climáticos ;
    - Tormentas, ventos fortes....
  - Riscos tecnolóxicos:
    - Transporte, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas.
  - Riscos antrópicos:
    - Incendios, ameaza de bomba, apoderamento ilícito....

#### 6.1.2. En función da gravidade

1. Preemerxencia: situación na que os parámetros definidores do risco evidencian que a materialización do mesmo, pode ser inminente.
2. Emerxencia:
  - a).- conato de emerxencia; suceso inesperado e imprevisto, que pode producir danos materiais ou humanos, pero que pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do centro. Esta emerxencia podea controlar calquera persoa do centro que pase pola zona.
  - b).- emerxencia parcial; suceso inesperado e imprevisto, que pola súa importancia, tanto en duración como en danos é necesario a actuación de axuda.
  - c).- emerxencia xeral; situación grave e importante que vai requerir a actuación de todos os equipos especiais do Centro e ademáis pode ser necesaria a axuda exterior.

## 6.2. Procedementos de actuación ante emerxencias

### a) Detección e Alerta.

Consiste en avisar de forma máis rápida aos equipos de emerxencia do propio centro, e informar ao resto dos equipos e solicitar no seu caso axuda de intervención externa, cando se produce unha emerxencia.

### b) Mecanismos de Alarma.

Aviso ou sinal pola que se informa as persoas para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia. No caso de aviso realizarase mediante unha mensaxe preestablecida “clara e concisa”. Farase mediante o timbre .

#### b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

Cando se trata de avisos, debemos distinguir entre:

- Aviso aos traballadores e/ou usuarios do centro .
- Aviso á Axuda Externa.

En calquera dos casos tense que definir a persoa/s pertecente á organización que dará os avisos, polo medio ou medios establecidos a través do posto de traballo que ocupan.

#### b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

A través do 112

### c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

En primeiro lugar, unha vez coñecida a situación de emerxencia, convén comprobar o equipo/persoa que realiza a acción de comunicación da emerxencia, a súa localización e as accións a realizar, así como tomar medidas para asegurarse da veracidade e natureza da emerxencia antes de tomar iniciativas e cómo se van realizar as comunicacións no lugar da emerxencia.

Os usuarios e traballadores que non pertencen aos equipos de emerxencias, seguirán as instrucións que se lles indique. O persoal integrado nos equipos de emerxencias, realizarán as tarefas asignadas ao equipo que pertencen, segundo o tipo de emerxencia.

6.2.1 PLAN DE EMERXENCIA XERAL.

PLAN DE EMERXENCIAS XERAL		
FASE	DESCRICIÓN	REPOSABLE
DETECCIÓN	É o primeiro paso dentro dunha situación de emerxencia e debe producirse no menor tempo posible dende o inicio desta.	
VALORACIÓN DA GRAVIDADE	Todos os avisos de alerta deben comunicarse a algún dos responsables designados neste Plan de Emerxencia como persoas con capacidade de decisión.  Valorarán a emerxencia e mobilizarán aos equipos necesarios dependendo da gravidade da emerxencia.	
ALERTA E MOVILIZACIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA	Cando se detecta unha emerxencia, prodúcese a alerta, mediante a cal ponse en acción aos Equipos de Emerxencia, e informase ao resto do persoal para que permanezcan atentos ás instrucións que ordee o Xefe de Emerxencia e/ou Xefe de Intervención.	
PRIMEIRA INTERVENCIÓN	A primeira intervención será necesaria para o control da emerxencia por parte dos equipos de emerxencia internos. Actuarase sobre o foco da emerxencia segundo as pautas previstas para a súa extinción e control. Intervirán todos os equipos designados e necesarios que permanecerán no lugar da emerxencia ata que ésta se encontre completamente baixo control.  No caso de non poder facer fronte por sí mesmos á emerxencia, agardarán a chegada dos medios externos, que se encargarán de atacar o foco en cuestión. As persoas que deban ser mobilizadas poderán selo a través de:  -Walkies -Telefonía móbil. -Serea de incendios	

PLAN DE EMERXENCIA XERAL		
FASE	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLE
ALARMA	<p>É o aviso para a evacuación dos ocupantes do centro.</p> <p>Será transmitida de maneira restrinxida ou xeral utilizando os medios máis axeitados para cada situación e indicados neste Plan de Emerxencias.</p>	
CHAMADA AXUDAS EXTERNAS	<p>En situación de emerxencia non hai que ser demasiado optimista e pensar que a situación pode resolverse co paso do tempo.</p> <p>Ante a menor dúbida sobre o control da emerxencia hai que avisar ao CENTRO COORDINACIÓN EMERXENCIAS: 112.</p>	
EVACUACIÓN	<p>A finalidade da evacuación é garantir o traslado dos ocupantes do edificio dende un lugar perigoso a outro potencialmente seguro (Zona de Reunión Exterior).</p> <p>Nas emerxencias parciais organizarase unha evacuación parcial do persoal do sector ata unha zona segura alonxada da situación de emerxencia (incendio, inundación).</p> <p>Se a emerxencia fose grave ou adquirira maiores dimensións pasaríamos á Fase de Emerxencia Xeral. Nela preténdese a evacuación ordenada do edificio, empezando polas zonas de maior risco.</p> <p>A evacuación sempre debe comezar pola zona afectada pola emerxencia.</p>	
AUTORIDADE PARA PREPARAR A EVACUACIÓN	<p>A persoa que decida a evacuación será a máxima autoridade do centro en situacións de emerxencia que se encontre presente no momento de tomar tal decisión.</p>	

FASE DE EMERXENCIA XERAL			
FASE	DESCRICION		RESPONSABLE
FIN PRIMEIRA INTERVENCIÓN	Se a emerxencia non é controlable cos medios dispoñibles, abandoarase o edificio e quedarase á espera dos medios externos.		
RECEPCIÓN AXUDAS EXTERNAS	Os Medios de Axuda Exterior deben ter coñecemento dos contidos do Plan de Emerxencia e, ademáis, no caso de emerxencia, unha persoa, designada previamente, debe ser enviada aos accesos do centro para recibir, informar e acompañar ás Axudas Externas.  TELF. CENTRO COORDINACIÓN EMERGENCIAS: 112		
TIPOS DE EVACUACIÓN	EN FUNCIÓN DE	EVACUACIÓN	CARACTERÍSTICAS
	O TEMPO DISPOÑIBLE	URXENTE	Prioridade salvar vidas humanas
		NON URXENTE	Ademáis de salvar vidas, pódese evitar a perda de bens materiais e protección do medio ambiente.
	A FORMA	VERTICAL	O persoal é trasladado a unha planta inferior, sin abandoar o centro
		HORIZONTAL	O persoal é trasladado a un sector independente na mesma planta, sin abandoar o centro.
		TOTAL	O persoal é evacuado fóra do centro.
	A AREA AFECTADA	PARCIAL	O persoal é trasladado a outro sector ou planta, ou fóra do centro.
		TOTAL	O persoal é evacuado fóra do centro.

PRIORIDADES NA EVACUACIÓN	1º Planta afectada pola emerxencia
	2º Plantas superiores á afectada pola emerxencia.
	3º Plantas inferiores á afectada pola emerxencia
	4º Edificios colindantes.

**6.2.2 PLAN DE EMERXENCIA POR INCENDIO**

PLAN DE EMERXENCIA POR INCENDIO		
FASE	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLE
DETECCIÓN E COMPROBACIÓN	<p>DETECCIÓN AUTOMÁTICA: o sistema de detección é a alarma de incendios transmite un sinal de alarma á central ubicada no Centro de Control. Dende alí deberase comprobar a veracidade da alarma.</p> <p>DETECCIÓN HUMANA: se unha persoa detecta un incendio, deberá comunicalo rápidamente ao Centro de Control, por medio dun pulsador de alarma ou telefónicamente.</p> <p>CENTRO DE CONTROL:</p> <p>COMPROBACIÓN: TODOS OS AVISOS DE ALARMA</p> <p>FALSA ALARMA: realarmarase a central de incendios (se procede) e investigarase a orixe da falsa alarma.</p> <p>ALARMA REAL: se se confirma a alarma entrarase na FASE DE ALERTA INTERIOR.</p>	
ALERTA INTERIOR	<p>O Centro de Control será quen avise ao XEFE do centro e ao resto de equipos de emerxencias necesarios polos medios de comunicación (telefonía, sereas,...) indicados neste Plan de Emerxencias.</p> <p>O XEFE do centro desplazarase ao Centro de Control.</p> <p>Os Equipos de Emerxencia prepararanse para unha</p>	

	<p>posible evacuación parcial ou total do edificio.</p> <p>O xefe do centro dirixirase ao lugar do incendio. Tras a súa avaliación. Nesta situación, poderase dar os seguintes casos:</p> <p>1º Conato e emerxencia parcial, onde:</p> <p>a) A coordinación no lugar do incendio realizaraa o xefe de Intervención do centro.</p> <p>b) O E.P.I intervira cos medios propios (extintores)</p> <p>c) O X.E. do centro transmitirá a orde de evacuación e coordinará aos Equipos de Emerxencia.</p> <p>d) Os Equipos de Emerxencia evacuarán a zona afectada para evitar danos a persoas.</p> <p>e) Unha vez rematada a emerxencia avisarase ao Centro de Control.</p> <p>f) Investigarase o accidente e realizarase un informe.</p>	
<p>ALERTA EXTERIOR</p>	<p>2º Emerxencia xeral, onde:</p> <p>a) O incendio non é controlable.</p> <p>b) Ordenarase ao Centro de Control activar o Plan de Evacuación (por medio das sereas ou mecanismos de alarma indicados neste Plan de Emerxencia).</p> <p>c) O X.E. do centro ordenará a evacuación total do edificio e todo o persoal evacuado dirixese ao Punto de Reunión Exterior.</p> <p>d) Se o incendio non é controlable por o EPI dará a fase de alerta exterior: o X.E. ou o Centro 112</p>	



PLAN DE EMERXENCIA POR INCENDIO		
FASE	DESCRICIÓN	RESPONSABLE
EVACUACIÓN E RECEPCIÓN AXUDAS EXTERNAS	<p>Os Equipos de Emerxencia dirixirán aos ocupantes ás saídas máis próximas.</p> <p>O EPI colaborará na evacuación: retirando material combustible das vías de evacuación, ventilando corredores ou escaleiras de evacuación.</p> <p>O persoal de seguridade do centro facilitará o acceso ás Axudas externas.</p> <p>O X.E. do centro dirixirase ao acceso do edificio para recibir aos Bombeiros e demais axudas externas e informarles da situación á súa chegada.</p> <p>Comenza o recento de persoas evacuadas no Punto de Encontro Exterior e comunican o resultado da evacuación ao X.E. do centro.</p>	
FIN DA EMERXENCIA	<p>O incendio é controlado e os medios externos dan por finalizada a emerxencia.</p> <p>Restablecemento de servizos.</p> <p>Investigarase o accidente e realizarase un informe por parte do Xefe de Emerxencia.</p>	

6.2.3 PLAN DE EVACUACIÓN

PLAN DE EVACUACIÓN		
FASE	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLE
ORDE DE EVACUACIÓN	A orde de evacuación do centro realizaraa o X.E do centro.	
MEDIOS DE TRANSMISIÓN DA ORDE DE EVACUACIÓN	Os medios polos que se transmitirá a orde de evacuación serán: telefonía interna, telefonía móbil, e timbre.	
PREPARACIÓN DAS VIAS DE EVACUACIÓN	Previo ao inicio da evacuación abríranse todas as saídas e habilitaranse vías de evacuación que puideran estar bloqueadas, retirando aqueles obxectos que puideran producir accidentes. Unha vez preparadas as vías de evacuación o EPI transmitirá a alarma aos ocupantes dirixíndose as vías de evacuación previstas (corredores e escaleiras)	
ORDE DE EVACUACIÓN DAS PLANTAS DO EDIFICIO	Evacuarse en primeiro lugar a planta afectada pola emerxencia e posteriormente as plantas superiores. As plantas inferiores deben ser as últimas en evacuarse sempre que a situación o permita. O EPI debe asegurar que non queda ninguén no interior.	
ZONA DE REUNION EXTERIOR	O Xefe de Emerxencia situarase no punto de encontro, para recibir partes de evacuación e contactar cos servizos de axuda. Débese asegurar os accesos ata a chegada de axuda exterior.	
CHEGADA AXUDA EXTERIOR	O xefe de emerxencia recibirá as axudas externas, entregaralle os planos das instalacións e informarlle da situación, asumindo éstes o mando e actuacións necesarias para o control da emerxencia. Atenderán o persoal desaloxado e estarán a disposición dos servizos de axuda exterior no caso necesario.	
FIN DA EMERXENCIA	Previo informe favorable dos servizos de axuda exterior, o xefe de emerxencia ordenará restablecer os servizos. Realizarase un informe para evitar a repetición da emerxencia.	

**6.2.4 INSTRUCCIÓN DE EVACUACIÓN**

<b>INSTRUCCIÓN DE EVACUACIÓN</b>
<b>OBRIGAS NA EVACUACIÓN</b>
<p>Manter a calma</p> <p>Comezar a evacuación cando se dé o sinal de emerxencia.</p> <p>Obedecer instruccións dos equipos de emerxencias.</p> <p>Evacuar a zona en orde.</p> <p>Realizar a evacuación en silencio.</p> <p>Se a vía de evacuación está inundada de fume “selar” o acceso e agardar as axudas exteriores.</p> <p>Se cando soa o sinal de evacuación non se está no seu lugar habitual, deberase unir ao primeiro grupo que se vexa e dar conta desa circunstancia no punto de reunión</p>
<b>PROHIBICIÓN NA EVACUACIÓN</b>
<p>Separarse do grupo evacuado.</p> <p>Deixar ocos nas filas de evacuación.</p> <p>Levar bultos ou similares.</p> <p>Correr</p> <p>Empurrar ou atopelar</p> <p>Deterse</p> <p>Retroceder por algo ou alguén.</p> <p>Utilizar ascensores.</p> <p>Abandoar os puntos de reunión.</p>
<b>NORMAS XERAIS</b>
<p>En Xeral, axudarse uns a outros.</p> <p>Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.</p> <p>Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.</p> <p>Comunicar ao equipo de emerxencia as incidencias observadas na evacuación.</p> <p>Parar e desconectar máquinas que se estean utilizando.</p>

**6.2.5 PLAN DE EMERXENCIA POR ACCIDENTE GRAVE**

<b>PRIMEIROS AUXILIOS: ACTIVACIÓN DO SISTEMA DE EMERXENCIA P.A.S</b>
<b>PROTEXER</b>
Antes de actuar debemos ter en conta a seguridade tanto do accidentado como de nós mesmos estando fóra de todo perigo. Valorar se se pode atender no lugar ou se hai que trasladalo para alonxalo do perigo
<b>AVISAR</b>
Daremos aviso e se é posible non abandoaremos ao accidentado en ningún momento.
<b>SOCORRER</b>
Conservar a calma, non mover ao accidentado agás perigo inminente, tranquilizalo, non daremos comida, bebida nin medicamentos.

<b>TRANSPORTE ACCIDENTADOS</b>
Non mova o paciente de calquer maneira, podería agravar as lesións. Non permita que persoas non entrenadas movan o paciente. Se estamos solos, tentaremos arrastralo das axilas ou dos pés se o seu tipo de lesión o permite. Se somos máis rescatadores poderemos utilizar outros métodos como o da culler ou da ponte holandés. O traslado efectuarase sen esforzo para o accidentado. Coloque algún elemento blando (roupa ou toalla) debaixo da cabeza, colo e lombares se se sospeita fractura de vértebras cervicais ou dorsais respectivamente. As posicións de transporte dependerán do tipo de lesión que sufra o accidentado.

**LESIÓNS VERTEBRAIS, FRACTURAS E REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR (RCP)**

**DECÚBITO SUPINO:** é unha posición anatómica do corpo humano que se caracteriza por:

Posición corporal deitado boca arriba.

Colo en posición neutra.

Membros superiores estendidos pegados ao tronco e coas palmas das mans hacia arriba.

Extremidades inferiores tamén estendidas con pés en flexión neutra e punta dos dedos gordos hacia arriba.

**SHOCK OU PARADA CARDIORRESPIRATORIA:**

Decúbito Supino coas pernas elevadas.

**EN TRAUMATISMOS CRANEOENCEFÁLICOS E ACCIDENTES CEREBRO-VASCULARES.**

Decúbito Supino coa cabeza elevada

**EN PERSOAS INCONSCIENTES SIN LESIÓN MEDULAR ESPINAL.**

Decúbito lateral esquerdo.

**EN FERIDAS TORÁCICAS ABERTAS E PECHADAS.**

Semisentado.

**EN FERIDAS ABDOMINAIS**

Decúbito Supino con pernas dobradas.

Non usar NUNCA a posición de TRENDELEMBURG simple, coa cabeza máis baixa que os pés, xa que as vísceras abdominais comprimen o diafragma e dificultan a respiración.

### CONVULSIÓN. ATAQUE EPILÉPTICO

As convulsións ou o ataques epilépticos caracterízanse pola perda da consciencia, polas contraccións musculares xeneralizadas e pola desviación dos ollos hacia arriba. Cando observemos estos síntomas:

#### ¿QUÉ FACER?

O ideal é tratar de deitar á persoa no chan, porque senón terminará caendo por sí mesma co conseguinte risco de lesión.

Débase apartar de inmediato todos os obxectos que poidan estar arredor, porque podería alcanzalos e golpearse con eles.

Para que non golpee a cabeza contra o chan durante as convulsións, pódese colocar debaixo da caluga unha almofada, ou ben unha prenda de roupa dobrada.

Non lle restrinja os movementos. Non trate de abrírlle a boca á forza.

Afrouxarlle a roupa, sobre todo o colo.

Non hai que tratar de trasladar á persoa mentras sofre o ataque. O mellor é agardar a que este pase.

Non se debe administrar nada por vía oral á vítima ata que cesen as convulsións e estea totalmente consciente e alerta.

Non se debe sacudir ou golpear ao epiléptico. A crise comeza e interrómtese de forma espontánea.

Non se debe realizar respiración artificial no momento do ataque, os ruidos débense á falta de coordinación da respiración e o aumento das secrecións.

Se ten febre, non poñerlle o termómetro durante a convulsión. Quitarlle a roupa e poñerlle trapos húmidos na cara.

Situalo en posición lateral estable por se vomita ou ten secrecións.

Débase informar calquera tipo de convulsión ao médico (inclusive si é leve) e relatarlle o máis detallado posible todo o ocorrido.

Unha vez finalizada a convulsión, ou si dura máis de 10 minutos, avisar unha ambulancia. É normal que a persoa afectada estea inconsciente.

<b>QUEIMADURAS</b>
<p>As queimaduras son un dos accidentes que máis se producen e non sempre os danos son da mesma consideración (depende da extensión e a profundidade da lesión). As queimaduras máis comprometidas son as que afectan á cara.</p> <p>Se se produce un incidente con lume impida que o accidentado corra e apague as lapas cubríndoas cunha manta, toalla ou trapo grande.</p> <p>Alonxe á vítima do foco de calor e comprobe se respira con normalidade.</p> <p>Se ten que mover o ferido, fagao con precaución, pode causarlle unha dor intensa.</p>
<b>QUEIMADURAS DE 1º E 2º GRADO SUPERFICIAL</b>
<p>Refresque a parte afectada con abundante auga ou panos fríos durante uns 15 minutos. Non debe usarse xeo.</p> <p>Non romper nin vaciar as ampolas que se produzan.</p> <p>Lavar suavemente a parte queimada con auga e xabón.</p> <p>Aplicar pomada específica, cubrir con gasas estériles e facer unha vendaxe non compresiva.</p> <p>Valorar a necesidade de atención médica e vacunación antitetánica.</p>
<b>QUEIMADURAS DE 2º GRADO PROFUNDO E 3º GRADO</b>
<p>Se as queimaduras son extensas, tras apagalas, abrigue o ferido.</p> <p>Lave a zona afectada con abundante auga durante máis de 5 minutos.</p> <p>Non retire os restos de roupa pegada o corpo.</p> <p>Non manipule as ampolas nin aplique pomadas de ningún tipo.</p> <p>Envolve a queimadura con un pano limpo, toallas, sabas ou similares prendas humedecidas en auga ou soro fisiolóxico.</p> <p>Non administre ningún produto pola boca, nin sequera auga, e anímeo a respirar de maneira lenta e profunda.</p> <p>Non abandoe nunca o paciente ata que cheguen os servizos médicos.</p> <p>Avise os servizos de urxencia, xa que a hospitalización urxente é imprescindible.</p>

**PARADA CARDIORRESPIRATORIA**

Se alguén sofre unha perda de coñecemento brusca siga estes consellos:

Colóqueo boca arriba e comprobe se está consciente e responde: zarandeeo e chámeo con forza. Se non contesta chame ó 112 ou 061.

Abra a súa vía aérea: Colóquelle a man na fronte e inclínelle suavemente a cabeza hacia atrás mantendo libres o seu polgar e índice para taparlle o nariz se é necesario faga a respiración boca a boca.

Retire calquera obstrución visible da boca da vítima, incluíndo dentaduras postizas descolocadas, pero deixe no seu sitio as dentaduras. Mantendo a punta dos dedos baixo o vértice da barbela da vítima, elévea para abrir a vía aérea. Achéguese e vexa se o peito se move, escoite se o paciente exhala e sinta se o aire sae das súas vías aéreas.

Se non responde nin respira, inicie as manobras de resucitación.

Aplique 30 compresións torácicas seguidas de 2 insuflacións de aire mediante boca a boca ata que chegue axuda sanitaria ou o paciente se recupere.

Recorde a hora, despois preguntaranlla.

É importante que estea preparado para reaccionar en caso de emerxencia.

**INCONSCIENCIA**

Inconsciente significa que non contesta se o chamamos e que non se move, o paciente parece durmido.

A maioría de veces é por unha lipotimia e recupera a consciencia en menos de cinco minutos.

**¿QUÉ FACER?**

Comprobe se responde e se está consciente chamándoo con voz forte ou dándolle golpiños na cara.

Téndao boca arriba cos brazos e pernas extendidas e afrouxe a roupa sobre o colo.

Esténdalle a cabeza suxeitando a fronte e movéndolle a barbela hacia arriba para abrir a boca. Retire da boca calquera corpo estrano para evitar que se atragoie.

Se está inconsciente, pero respira, poña o paciente en posición lateral. Deste modo evitará que se vomita se atragoie e impedirá que “ trague a lingua” é decir, que a lingua impida o paso do aire.

Manteña o paciente abrigado e non o deixe so.

Se non respira, debe intervir un médico ou un experto que lle realice unha reanimación cardiopulmonar.

Se respira, situala en posición lateral de seguridade.

Recorde pedir axuda.



**XEFE DE EMERXENCIA DO CENTRO**

RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.

É a persoa coa máxima autoridade e responsabilidade última na toma de decisións. A súa misión principal é a coordinación dos medios externos (bombeiros, policía, etc.) e dos medios internos (equipos de emerxencia) durante a emerxencia.

É a persoa que asumirá a coordinación xeral e a toma de decisións en situación de emerxencia.

Decretará o estado de emerxencia, tipo e ámbito desta, ordeando as actuacións que deben realizarse.

Decretará a fase e tipo de evacuación ou confinamento.

Determinará qué medios e axudas internas se van a empregar segundo o desenvolvemento da incidencia e se se realizan cortes de instalacións.

Solicitará o tipo de axudas externas, no caso de ser precisas. Realizará ou comprobará que se realiza a chamada aos medios de axuda externa (112).

Será o interlocutor único coa axuda externa (policía, bombeiros, servizos sanitarios de urxencia,...).

Decretará o fin da emerxencia e realizará un informe do sucedido.

**NO CASO DE INCENDIO**

1. Ao recibir un aviso de incendio, debe comprobar a súa veracidade personándose no lugar do suceso, ou apoiándose no Centro de Control.

2. Unha vez comprobada a situación decretará o estado de emerxencia e tipo desta.

3. No caso de que o suceso derive en conato de incendio (controlable con un ou dous extintores), disporá o operativo técnico e humano que ha de intervir E.P.I. e E.S.I., e cando a situación quede controlada, ordeará restablecer o funcionamento normal do Centro.

4. Se pola contra a situación evoluciona desfavorablemente ou é grave dende o seu inicio solicitará as axudas externas necesarias (realizando a chamada de emerxencia o 112) e decretará a evacuación indicando aos E.A.E. a ubicación da emerxencia.

5. Recibirá a axuda exterior e informará do estado da situación (orixe do incendio, posibilidade de persoas atrapadas ou feridas), facilitándolles planos do edificio.

6. Cando a situación quede controlada, se procede, ordeará o reinicio do funcionamento do Centro, e realizará un informe do suceso en caso necesario

<b>NO CASO DE EVACUACIÓN</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ordear aos Equipos de Alarma e Evacuación o desaloxo do centro indicando onde tivo lugar a emerxencia (incendio, artefacto explosivo).</li> <li>2. Determinar a urxencia da mesma, e os percorridos polos que debe discurrir a evacuación.</li> <li>3. Dirixir con tranquilidade pero con firmeza co fin de efectuar unha evacuación rápida, ordenada e sen aglomeracións.</li> <li>4. Coordinar o traslado dos feridos se os houbera coa axuda do Equipo de Primeiros Auxilios.</li> <li>5. No exterior recabar toda a información acerca da evacuación mantendo comunicación directa co X.I. e as de Equipos Emerxencias e comprobar que todo o persoal laboral e visitantes saíron, así como recibir a axuda exterior (Policía, Bombeiros, Protección Civil, etc.) e informar á mesma do estado da situación.</li> <li>6. No caso de que a emerxencia quede controlada, se procede ordeará o reinicio das actividades e realizará un informe dirixido á Dirección.</li> </ol>

### **6.3 IDENTIFICACIÓN E FUNCIONS DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS.**

A organización de medios humanos e materiais baséase en criterios de actuación e en consignas operativas, que teñen como finalidade anular ou reducir ao mínimo os danos que sobre persoas e/ou bens puidera ocasionar unha emerxencia, (tendo presente e por enriba de todo a autoprotección do persoal operativo do plan), e garantir unha evacuación ordenada das persoas conducindoas o exterior, a unha zona que estea fóra de perigo.

As persoas designadas en cada un dos equipos de emerxencia quedan definidas no Anexo I do presente Plan de Autoprotección.

En calquera situación de emerxencia debe coñecerse perfectamente quen asume o mando e as competencias, establecendo unha estrutura dos recursos humanos xerarquizada.

O Plan de Emerxencia define claramente a responsabilidade de cada equipo de emerxencias e os medios que dispón ao seu redor.

**XEFE DE INTERVENCIÓN DO CENTRO**

O Xefe de Intervención será o encargado de valorar a emerxencia no lugar onde se orixine e dirixir "in situ" os labores de intervención, colaborando co Equipo de Primeira Intervención.

Ante calquera alerta, comprobará e valorará a magnitude e o tipo de emerxencia persoándose no lugar do incidente.

Comunicará ao Xefe de Emerxencia o desenvolvemento da evolución da emerxencia.

Para combatir a emerxencia intervirá con todos os medios necesarios ao seu alcance.

Solicitará o Xefe de Emerxencia as axudas externas ou internas para o control da emerxencia, e informaralle daquelas que activara persoalmente.

Dirixirá e coordinará todos os equipos de Intervención internos.

Colaborará coas axudas externas para o control da emerxencia.

Poderá asumir as tarefas do Xefe de Emerxencias en ausencia deste.

Na ausencia do Xefe de Intervención, poderá asumir as súas funcións un responsable do Equipo de Primeira.

**NO CASO DE INCENDIO**

1. Comprobar alarma: Recibida un aviso de alarma, deberá dirixirse á zona afectada e valorar o suceso.

2. Conato de incendio (lume fácilmente controlable): Dirixirá no lugar do suceso as tarefas de extinción, evitará a propagación de fume ou chamas, e informará do suceso ao Xefe de Emerxencia.

3. Lume non controlable: Evitará a propagación de chamas, gases e fumes da combustión. (quitar materiais combustibles, pechar portas e ventás). Comunicará a situación o Xefe de Emerxencia.

4. IMPORTANTE: Todos os avisos de alarma deben ser comprobados.

**NO CASO DE EVACUACIÓN**

1. Orde de evacuación: En caso de ausencia do Xefe de Emerxencias, ordenará a evacuación do Centro.

2. Eliminar material combustible das vías de evacuación: Pecharán portas e ventás, apartarán na medida do posible todo o material combustible da zona sen poñer en perigo a súa integridade física.

3. Se a situación o permite, realizarase un barrido comprobando que a zona afectada foi evacuada e verificarase o desaloxo das zonas habitualmente desocupadas.

4. No exterior: Informará o Xefe de Emerxencias e vixiará os accesos.
5. Final de Emerxencia: Permanecerá a disposición da Axuda Exterior e restablecer o servizo cando o determine o Xefe de Emerxencias.

#### EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

As súas misións son dar a alarma na súa zona ou sector, dirixir o fluxo de evacuación e comprobar que a súa zona foi completamente evacuada.

Cada responsable de Alarma e Evacuación ordeará ao seu equipo as actuacións pertinentes co obxecto de eliminar ou minimizar posibles riscos, inherentes á natureza das investigacións desenvolvidas ou dos equipos utilizados.

Cada responsable de Alarma e Evacuación comunicará no punto de encontro se existe algún risco específico que puidera aumentar os efectos da emerxencia ou causar consecuencias graves os medios internos e externos de intervención.

#### NO CASO DE INCENDIO

1. No caso de situación controlable realizarán as tarefas de confinamento e control da emerxencia.

Cando a situación quede controlada informarán ao Xefe de Emerxencias.

2. Se pola contra a situación evoluciona desfavorablemente ou é grave dende o seu inicio, informarán ao Xefe de Emerxencias, e procurarán evitar a propagación do lume.
3. Pecharán portas e ventás, apartarán na medida do posible todo o material combustible da zona sen poñer en perigo a súa integridade física. Colaborarán coa axuda exterior.
4. Finalizada a emerxencia, restableceráanse os servizos.

#### NO CASO DE EVACUACIÓN

1. Anunciar a evacuación do seu sector ó escoitar a alarma xeral ou por indicación do Xefe de Emerxencias.
2. Conducir os ocupantes do seu sector ata as vías de evacuación previstas para tal fin.
3. Impedir o acceso as vías e saídas que non deben utilizarse facendo uso de percorridos alternativos, e se fose necesario bloquear algunha delas.
4. Comprobar que quedan libres de obstáculos os percorridos de evacuación (corredores e portas)
5. Controlar o fluxo de persoas nos accesos as escaleiras e impedir aglomeracións nas portas.
6. Impedir a utilización de ascensores.
7. Axudar a evacuación de persoas que o precisen.
8. Impedir que baixo ningún concepto ninguén intente retornar ao interior do Edificio.
9. Asegurar que non queden persoas atrás mentras se evacúa o seu sector e comprobar

ausencias.

10. Conseguir unha evacuación rápida e ordenada ata o Punto de Reunión previsto e acordar a zona.

11. Finalmente comunicar ao Xefe de Emerxencias da evacuación total do Edificio.

#### EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

Defínese como E.P.I. calquera traballador coa formación na loita contra incendios, uso de extintores e xestión de emerxencias.

Fóra da súa zona de actuación os compoñentes do E.P.I. serán un ocupante máis do edificio, a non ser que sexa necesaria a súa intervención noutras áreas.

Son a parte do operativo encargado de transmitir de forma inmediata a alarma de incendio, realizar unha primeira intervención encamiñada a un intento de control da emerxencia e apoiar aos medios de axuda externa. As súas actuacións serán as seguintes:

#### NO CASO DE INCENDIO

1. Deben persoarse no lugar do suceso, valorar a situación e comunicarllo inmediatamente ao Xefe de Intervención, ao Xefe de Emerxencias e/ou ó Centro de Control.

2. Desconectarán os suministros cuxo funcionamento poidera aumentar a gravidade da emerxencia (suministro eléctrico, climatización, etc.).

3. No caso de situación controlable (conato de incendio), realizarán as tarefas de extinción cos medios técnicos axeitados. Cando a situación quede controlada informarán ao Xefe de Intervención e/ou ao Xefe de Emerxencias. Realizarán un informe dos feitos.

4. Se pola contra a situación evoluciona desfavorablemente ou é grave dende o seu inicio, informarán ao Xefe de Intervención e/ou ao Xefe de Emerxencias, e procurarán evitar a propagación do lume. Cerrarán portas e ventás, apartarán na medida do posible todo o material combustible da zona sin poñer en perigo a súa integridade física. Colaborarán coa axuda exterior.

5. Cando a situación estea controlada, unha persoa quedará de retén e avisarase ao X.E.

#### NO CASO DE EVACUACIÓN

1. Recibido o sinal de evacuación, transmitirán dita información a todo o persoal da súa zona.

2. Acondonarán a zona afectada pola emerxencia impedindo o paso do persoal evacuado.

3. Permanecerán a disposición da axuda exterior, e no caso de que a emerxencia quede controlada, restablecerán as actividades do centro cando o Xefe de Emerxencias o indique.

### EQUIPO DE SEGUNDA INTERVENCIÓN

Defínese como E.S.I. ao persoal de seguridade e mantemento con formación na loita contra incendios, uso de extintores e xestión de emerxencias.

Son a parte do operativo encargado de transmitir de forma inmediata a alarma de incendio, apoiar aos equipos de primeira intervención do edificio afectado e apoiar aos medios de axuda externa. As súas actuacións serán as seguintes:

### NO CASO DE INCENDIO

1. Deben persoarse no lugar do suceso, valorar a situación e comunicarllo inmediatamente ao Xefe de Intervención, ao Xefe de Emerxencias e/ou o Centro de Control.
2. Desconectarán os suministros cuxo funcionamento poidera aumentar a gravidade da emerxencia (suministro eléctrico, climatización, etc.) e se descoñecen a súa operatividade avisarán aos responsables de mantemento para que sean eles quen manipulen as instalacións.
3. No caso de situación controlable (conato de incendio), realizarán as tarefas de extinción cos medios técnicos axeitados. Cando a situación quede controlada informarán ao Xefe de Intervención e/ou ao Xefe de Emerxencias. Realizarán un informe dos feitos.
4. Se pola contra a situación evoluciona desfavorablemente ou é grave dende o seu inicio, informarán ao Xefe de Intervención e/ou ao Xefe de Emerxencias, e procurarán evitar a propagación do lume. Cerrarán portas e ventás, apartarán na medida do posible todo o material combustible da zona sen por en perigo a súa integridade física. Colaborarán coa axuda exterior.
5. Cando a situación estea controlada, unha persoa quedará de retén e avisarase ao X.E.

### NO CASO DE EVACUACIÓN

1. Recibido o sinal de evacuación, transmitirán dita información a todo o persoal da súa zona.

### EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS

Son a parte do operativo encargado de prestar unha primeira asistencia sanitaria ás persoas que poidan sufrir algunha lesión por motivos relacionados coa emerxencia ou evacuación. Se a situación é grave únicamente coordinarán a evacuación do ferido a un centro sanitario e colaborarán cos servizos médicos de emerxencia.

Informarán das lesións e estado dos posibles afectados por a incidencia e da localización dos hospitalizados, si os houbera ao Xefe de Emerxencia e/ou ao Centro de Control.

Levarán un rexistro do persoal evacuado a hospitales.

**NO CASO DE INCENDIO**

1. Estar tranquilo e non demorar a actuación. É dicir actuar rápidamente pero conservando a calma.
2. Facer unha composición do lugar.
3. Non mover ao ferido, pero si é imprescindible, facelo con gran precaución.
4. Examinar ben ao ferido. Si hai varias vítimas iniciar o auxilio por o que se atope na situación máis precaria. Separar a vítima do lume.
5. Apagar o lume do corpo cunha manta ou facendo rolar á persoa polo chan.
6. Lavarlle a queimadura con auga fría ata que a dor diminúa, protexer a queimadura cunha gasa, nunca con algodón, no arrincar a roupa enganchada, non por nin aceite nin pomada e non reventarlle as ampolas.
7. Consultar a un médico. Vixiar periódicamente o estado do ferido e non deixalo nunca só, agás que esto impida avisar e solicitar axuda.
8. Avisar ao persoal sanitario máis próximo, proporcionándolle a información máis completa.

**NO CASO DE EVACUACIÓN**

1. Os feridos deben evacuarse na seguinte orde:

Feridos con capacidade motriz.

Feridos sen capacidade motriz, máis alonxados das portas de saída.

Feridos sen capacidade motriz, máis próximos as portas de saída.

Os feridos que non poidan moverse sen axuda, é moi importante evacuar primeiro aos que estean máis alonxados da saída.

O persoal tende a evacuar primeiro aos feridos que están máis cerca da saída, porque se necesita menos tempo para evacualos. Se se rescata despois aos feridos máis alonxados, teranse que percorrer distancias máis longas, precisamente cando o fume sexa máis denso e a fatiga maior, co cal, corre o risco de que sea máis difícil a evacuación.

Se o fume invade a zona rápidamente, pode ser conveniente colocar no só aos feridos sen mobilidade, antes de comezar a evacualos de un en un, posto que a capa de aire inferior é a que permanece respirable por máis tempo.

**CENTRO DE CONTROL (CONSERXERIA TLF 881 86 66 11)**

1. Ubicación: sala de seguridade central do centro.

2. Funcións:

- a. Recibir os avisos de alarma da central de incendios de cada un dos edificios do centro.
- b. Avisar á persoa de seguridade da zona ou ao Xefe de Intervención do Edificio afectado para a comprobación do aviso de alarma.
- c. Se a emerxencia se confirma e é necesaria a presenza de Axudas Externas, coordinar ao persoal do centro para a recepción de Axudas Externas nos puntos oportunos en función da localización da emerxencia.
- d. Colaborar co Centro de Control Avanzado.

**Observacións:**

Cabe indicar que cada edificio debe dispor do seu propio Centro de Control Avanzado, cuxas funcións deben ser:

Recibir os avisos de alarma da central de incendios ou do centro.

Avisar o Xefe de Intervención para a comprobación do aviso de alarma. A súa actuación rápida e eficaz é decisiva para a neutralización de falsas alarmas e a coordinación de todos os equipos de emerxencia.

Se a emerxencia se confirma é necesaria a presenza de Axudas Externas, coordinar o persoal do propio centro.

Dende o Centro de Control Avanzado o Xefe de Emerxencias (ou quen delegue éste) coordinará aos equipos de emerxencia mantendo comunicación continuada co Xefe de Intervención.

Se fora precisa a evacuación do edificio, o Xefe de Emerxencias acudirá o Punto de Reunión Exterior coa copia do Plan de Autoprotección que se atopa no Centro de Control Avanzado, e porase a disposición dos medios de axuda exterior (Policía, Bombeiros, Protección Civil, etc.).

**6.4 IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.**

Tal e como se indica neste Capítulo 6 do Plan de Autoprotección, o responsable da Posta en Marcha do Plan de Actuación ante Emerxencias será o Xefe de Emerxencias e como persoa suplente o Xefe de Intervención.



➤ *Capítulo 7: Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.*

*7.1. Os protocolos de notificación da emerxencia. (Ao centro de control, aos traballadores, aos medios externos)*

**PROTOCOLOS DE NOTIFICACIÓN:**

**Tarefas a realizar todos os días**

- Os conserxes encargaranse de abrir a primeira hora da mañá as portas do instituto e comprobarase que estean en perfecto estado de uso.
- A persoa encargada para a explotación da cafetería, será a encargada de abrir a primeira hora da mañá as dúas portas e manter libre de obstáculos as vías de evacuación dentro da cafetería.
- Os conserxes abrirán as portas do ximnasio así como as do salón de actos, anclando as portas metálicas as paredes correspondentes.
- conserxe comprobará o funcionamento do timbre.
- profesor de garda de primeiras horas, fará un recorrido polas principais vías de evacuación e se ve algunha anomalía, como portas pechadas ou obstáculos nas mesmas, comunicarao ao Xefe de Emerxencia Xeral.

**PROTOCOLOS DE EVACUACIÓN DE AULA:**

- Ao recibir un aviso de emerxencia, actuarase o antes posible e intentarase facer frente a mesma cos medios dos que se dispón nese lugar.
- Se se trata dun accidentado, en primeiro lugar deberá tranquilizarse, despois valorar a gravidade e, se é posible, aplicarlle os primeiros auxilios.
- Se a capacidade non fora adecuada, alertará o antes posible o Equipo de Primeiros Auxilios.
- Se aínda así persiste a emerxencia avisarase os equipos de emerxencias exteriores.
- Teléfonos:
  - Urgencias Sanitarias: **061**
  - C.A.E. Galicia: **112**
- Se se trata dun incendio, actuarase sobre el cos extintores dos que se dispón na zona, seguindo as recomendacións de uso para cada tipo de lume e manexo.

- Se o lume non se poidera dominar, alertarase o antes posible ao xefe de Evacuación Xeral, que se presentará o antes posible no lugar para facer unha valoración.
- Se o cre necesario pedirá medios externos.
- Teléfonos:
  - Bombeiros: **080**
  - C.A.E. Galicia: **112**
  - Bombeiros Santiago de Compostela: **981 542 444**
- Se o incendio ou a emerxencia avaliada polo xefe de Evacuación de Emerxencia Xeral, require a evacuación xeral o equipo reincorporarase ao seu grupo e a súa aula, para proceder a organización da evacuación dos seus compañeiros.

#### PROTOCOLOS NO CASO DE EMERXENCIA XERAL

- Cando soen “3 Timbrazos” o profesor como xefe do E.E.A. ordenará a todos os alumnos que deixen inmediatamente todo o traballo que estiveran facendo e sen recoller ningún obxecto persoal, formarán rápidamente unha fila ao lado da porta da aula, encabezada polo delegado do grupo.
- Os alumnos que estean máis cerca das ventás, pecharanas e poranse na fila.
- Pasados 15 segundos volveranse a repetir os “3 Timbrazos”, para confirmar a evacuación; a continuación o profesor ordenará a saída da aula.
- No caso de fume tiraranse ao chan e procurarán ir a gatas.
- O grupo permanecerá unido seguindo as instruccións do xefe ata a zona de reunión correspondente.
- A evacuación do edificio empezase pola planta baixa. Cando o persoal dunha planta superior chegue a unha inferior esperará a que se vacíe completamente.
- A evacuación de cada unha das plantas iniciárase polas aulas máis cercanas a escaleira, permitindo sempre o paso cos nosos compañeiros que saian pola nosa esquerda.
- Nas escaleiras baixaremos formando dúas filas polo lado da parede, deixando libre un oco polo medio da escaleira ao longo de todo o recorrido.
- O profesor encargárase de levar o “parte de clase” ata a zona de reunión correspondente; neste parte o profesor deberá ter sempre o número escrito de alumnos asistentes a clase.
- O profesor, será o último en abandonar a aula e pechar a porta para evitar, no posible, as correntes de aire que facilitaran a propagación dun incendio.

- Seguir sempre os sinais das vías de evacuación, tanto verticais como horizontais, que nos levarán a nosa zona de reunión.
- Ir pendentes dos compañeiros que nos rodean, para axudarse mutuamente.
- Manter a serenidade e pensar que normalmente a propia evacuación e un dos riscos aos que nos podemos enfrontar nestos momentos.
- Se no momento da evacuación, se encontrara fóra da aula correspondente o seu grupo, unirase ao máis cercano e comunicarse ao xefe do mesmo.
- No caso de que no grupo houberse unha persoa con discapacidade, o xefe do E.E.A., terá en conta dende o principio do curso e informaráselle de cómo actuar.
- Nunca se utilizará o ascensor.
- Unha vez chegado a zona de reunión todos os alumnos agruparánse arredor do seu xefe de E.E.A. e posteriormente farase un recuento dos compoñentes.
- Finalizada a evacuación, cada xefe da E.E.A. informará das incidencias que se produciran durante a evacuación.

## *7.2. A coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do plan de protección civil onde se integre o plan de autoprotección*

No caso de que a emerxencia sobrepase o nivel de emerxencia do Centro Educativo, pasará ao ámbito de Emerxencia Municipal, polo que nese momento os protocolos de activación de emerxencia corresponden a Protección Civil de Santiago de Compostela tendo como responsable da toma de decisións e actuacións á persoa que teña designada no Plan de Emerxencia Municipal como Director do seu Plan de actuación. O Director da Emerxencia do Edificio, porase a disposición deles e coordinarase nos temas que se lle soliciten.

Existe un Plan de Emerxencia Municipal no que se inclúen protocolos de actuación establecidos para cada nivel de Emerxencia así como tipo de emerxencia.

Plan de Emerxencia Municipal (**PEMU**) do Concello de Santiago de Compostela que contempla a operativa de resposta ante emerxencias no seu término municipal. O PEMU contempla os procedementos de integración co Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (**PLATERGA**). Polo tanto as comunicacións entre os servizos públicos de emerxencias deberán realizarse conforme aos protocolos establecidos neses plans.

As chamadas de comunicación de situacións de emerxencia no I.E.S. Lamas de Abade deberán ser comunicadas ao Centro de Atención de Emerxencias **CAE 112 GALICIA**. A activación do PEMU soamente se produce cando os recursos habituais son insuficientes.

*7.3. As formas de colaboración da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil. (simulacros, inspeccións, aportación de medios)*

**Real Decreto 393/2007**, de 23 de marzo por o que se aproba a **Norma Básica de Autoprotección** dos centros, establecementos e dependencias que poidan dar orixe a situacións de emerxencia e o **Decreto 171/2010** de 1 de outubro sobre **Plans de Autoprotección da Comunidade Autónoma de Galicia**, o Plan de Emerxencia Municipal (PEMU) poderá incluír os Plans de Autoprotección que lles sexan remitidos ao Concello de Santiago polas empresas, entidades administracións obrigadas así como aos que teñan acceso a través das aplicacións implantadas pola Dirección Xeral con competencias en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia coa finalidade de que os Órganos e os Grupos de Acción teñan coñecemento dos mesmos.

**R.D. 393/2007:**

- **Colaboración dos órganos competentes da administración pública cos responsables do Plan de Autoprotección**

Fomentar a creación de foros de debate e a realización de actividades de formación en materia de autoprotección.

Establecerán os protocolos que garantan a comunicación inmediata dos incidentes que se produzan e teñan ou poidan ter repercusións sobre a autoprotección.

Establecerán os protocolos de mobilización dos servizos de emerxencia que no caso de emerxencia deban actuar.

Proporcionarán asesoramento para unha correcta implantación do Plan.

Colaborarán na formación, tanto teórica como práctica.

- **Colaboración dos responsables do Plan de Autoprotección cos órganos competentes da administración pública:**

Facilitarán a información necesaria para posibilitar a integración do Plan de Autoprotección noutros Plans de Autoprotección de ámbito superior e nos plans de Protección Civil.

Informar con antelación suficiente aos órganos competentes en materia de Protección Civil das Administracións Públicas da realización dos simulacros previstos no Plan de Autoprotección.

Colaborar coas autoridades competentes das administracións públicas, no marco das normas de protección civil que lle sexan de aplicación.

Facilitar ás autoridades competentes da administración toda a información requirida do Plan, así como da súa implantación.

➤ *Capítulo 8: Implantación do plan de autoprotección.*

*8.1. Identificación do responsable da implantación do plan (Director do PAU)*

Corresponde ao titular da actividade responsabilizarse da posta en marcha do plan de emerxencia.

A implantación do plan de emerxencia é o paso máis importante para o seu funcionamento. Seguindo unha orde de prioridades e establecendo o calendario correspondente, realizaránse as actividades descritas a continuación:

- Comprobación da adecuación das medidas de emerxencia á realidade do Centro e aprobación do mesmo.
- Designación dos compoñentes dos equipos de emerxencia, de tal forma que su distribución xeográfica no edificio sexa o máis uniforme posible e se axuste á ocupación das distintas zonas.
- Facilitar a formación teórica e práctica a os compoñentes dos equipos de emerxencia.
- Establecemento da coordinación entre as distintas empresas concurrentes no centro de traballo para a actuación ante emerxencias.
- Exposición dos procedementos de actuación e entrega das súas consignas particulares aos integrantes dos equipos de emerxencia e do persoal en xeral.
- Realización de exercicios prácticos de actuación ante emerxencias.
- Elaboración de informes cos resultados obtidos no proceso de implantación das medidas de emerxencia.

Co obxecto de manter actualizado o plan de emerxencia, realizarase unha revisión anual do mesmo, así como tamén se actualizarán de forma periódica os compoñentes dos equipos de emerxencia.

*8.2. Programa de formación e capacitación para o persoal coa participación activa no plan de autoprotección.*

**Coordinador de Emerxencias (Xefe Equipo de Emerxencias Xeral ou Xefe de Evacuación Xeral)**

- Debe coñecer perfectamente o plan de autoprotección, así como as características do centro e todo o relacionado coa organización e procedementos de actuación en caso de que haxa calquera tipo de emerxencia.
- Coñecer a fondo as instalacións e características do centro, vías de evacuación, zonas de risco, puntos de encontro e ubicación de todos os elementos de seguridade.
- Será o encargado de que se sigan as recomendacións xerais que todo o persoal do centro debe saber e que ademáis estarán expostas nos carteis de recomendacións.
- Dispor de formación en prevención de riscos, uso de extintores e cursos de primeiros auxilios sanitarios
- Coñecerá os distintos números de emerxencia cos que porse en contacto en caso de emerxencia.

**Equipo de apoio en emerxencias:**

**Xefes de planta e profesores de apoio**

Os outros membros que formen parte do equipo de apoio e o xefe de emerxencia, teñen como función colaborar na evacuación ordenada do centro. Cada un deles deberá coñecer profundamente a zona que lle foi asignada e mellor forma de evacuación aos puntos de encontro.

Os compoñentes deberán ter tamén polo menos una formación básica en prevención de riscos, uso de extintores e formación en primeiros auxilios sanitarios.

**REUNIÓNS**

Haberá unha primeira reunión na que o responsable da implantación do plan explicará ao resto de encargados o desenvolvemento do plan, no que recollerán diferentes puntos ou obxectivos tales como:

- obxectivo do plan
- os diferentes tipos de emerxencias que se poden presentar
- a composición dos equipos encargados do plan
- a forma de proceder nos casos de evacuación
- cómo se realizarán os simulacros e as posibles revisións do plan

Posteriormente realizaranse periódicamente reunións informativas, cursiños e simulacros de forma que todo o persoal do centro saiba cómo actuar. Tamén servirán para comprobar se o plan están ben establecido, os posibles fallos e ademáis será unha ferramenta de actualización do plan no caso de que haxa que añadir novos protocolos ou correxir posibles fallos que se descubran nos simulacros.

***8.3. Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección.***

**PROFESORADO E PERSONAL NON DOCENTE**

1. Cada Profesor responsabilizarase de controlar os movementos dos alumnos ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas do coordinador xeral.
2. Cada Profesor, na súa aula, organizará a estratexia do seu grupo designando aos alumnos máis responsables para realizar funcións concretas como pechar ventás, contar aos alumnos, controlar que non leven obxectos persoais, etc. Con iso preténdese dar aos alumnos maior participación neste plan.
3. Cando desaloxaran todos os alumnos, cada Profesor comprobará que as aulas e recintos que teñen asignados quedan baleiros, deixando as portas e ventás pechadas e comprobando que ningún alumno quede nos servizos e locais anexos.
4. Designarase a unha ou varias persoas, que se responsabilizarán de desconectar, despois de soar os sinais de alarma, as instalacións xerais do edificio pola orde seguinte:
  - a) Gas.

- b) Electricidade.
  - c) Suministro de gasóleo.
  - d) Auga, só no caso no que o suministro aos hidrantes sexa independente da rede xeral.
5. Designarase unha persoa encargada da evacuación das persoas discapacitadas ou con dificultades motoras, se as houbera.
6. Cando haxa un motivo de emerxencia emitirase un sinal de alarma (timbre o viva voz), de acordo coa dispoñibilidade nese momento, que alcance a todas as zonas do edificio.
7. Para a evacuación ordenada por plantas seguiranse os seguintes criterios:
- a) Ao sinal de emerxencia desalojarán o edificio en primeiro lugar os ocupantes da planta baixa.
  - b) Simultaneamente, os das plantas superiores mobilizaranse ordenadamente hacia as escaleiras máis próximas, pero sen descender ás plantas inferiores ata que os ocupantes destas estean desaloxados da súa planta respectiva.
  - c) O desaloxo en cada planta realizarase por grupos, saíndo en primeiro lugar as aulas máis próximas ás escaleiras, en secuencia ordenada e sen mezclarse os grupos.
  - d) A distribución dos fluxos de evacuación nas saídas da planta baixa ordenarase en función do ancho e a situación das mesmas.
  - e) Non se consideran como saídas ventás, portas, terrazas, patios interiores etc. Non se utilizarán tampouco ascensores ou montacargas, para a evacuación de persoas nin se abrirán ventás ou portas que en caso hipotético de lume favorecerían as correntes de aire e propagación das chamas.
  - f) Tendo en conta a tendencia instintiva dos alumnos a dirixirse hacia as saídas e escaleiras que habitualmente utilizan e que poden non ser as convenientes nun caso concreto, é aconsellable na planificación de simulacros prever esta circunstancia, sendo o Profesor de cada aula o único responsable de conducir os alumnos na dirección de saída previamente establecida.
  - g) Por parte do persoal do Centro procurárase non incurrir no comportamento que poidan denotar precipitación ou nervosismo, en evitación de que esta actitude puidera transmitirse aos alumnos, coas consecuencias negativas que iso levaría aparelladas.
  - h) Unha vez desaloxado o edificio, os alumnos concentraranse no punto de encontro, sempre baixo o control do Profesor responsable, quen comprobará a presenza de todos os alumnos do seu grupo.

#### **PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN AOS ALUMNOS:**

##### **Primeiro trimestre de cada curso.**

1. Nunha sesión de titoría, explicaranse os distintos supostos de evacuación

2. Realizarse unha evacuación da clase seguindo o recorrido exposto no cuadro de información. É importante explicar o porqué de cada acción.
3. Realizarse un simulacro de evacuación de todo o instituto.

**Segundo trimestre de cada curso.**

1. Nunha sesión de titoría, explicaranse as distintas Instruccións de Actuación nos diferentes supostos.
2. Realizarse unha evacuación desde unha aula da segunda planta (Salón de Actos, Aulas de Informática, etc.)

**NORMAS PARA O ALUMNADO**



**NORMA 1**  
 LOS ALUMNOS DEBERÁN SEGUIR LAS INDICACIONES DE SU PROFESOR Y EN NINGÚN CASO DEBERÁN SEGUIR INICIATIVAS PROPIAS



**NORMA 2**  
 LOS ALUMNOS QUE HAYAN RECIBIDO FUNCIONES CONCRETAS DE SU PROFESOR DEBERÁN RESPONSABILIZARSE DE SU CUMPLIMIENTO Y COLABORAR EN EL MANTENIMIENTO DEL ORDEN DEL GRUPO



**NORMA 3**  
 LOS ALUMNOS NO RECOGERÁN SUS OBJETOS PERSONALES, CON EL FIN DE EVITAR OBSTÁCULOS Y DEMORAS



**NORMA 4**  
 LOS ALUMNOS QUE SE ENCUENTREN EN LOS ASEOS O EN LOS LOCALES ANEXOS, AL SONAR LA ALARMA DEBERÁN INCORPORARSE RÁPIDAMENTE A SU GRUPO. SI SE ENCUENTRAN EN UNA PLANTA DISTINTA, SE INCORPORARÁN AL GRUPO MÁS PRÓXIMO, Y YA EN EL EXTERIOR, BUSCARÁN A SU GRUPO Y SE INCORPORARÁN AL MISMO COMUNICÁNDOSELO A SU PROFESOR



**NORMA 5**  
 TODOS LOS MOVIMIENTOS SE REALIZARÁN CON RAPIDEZ Y CON ORDEN. NUNCA CORRIENDO, NI EMPUJANDO O ATROPELLANDO A LOS DEMÁS.



**NORMA 6**  
 NADIE DEBERÁ DETENERSE JUNTO A LAS PUERTAS DE SALIDA





**NORMA 7**

LOS ALUMNOS DEBERÁN EVACUAR EL CENTRO EN SILENCIO, CON ORDEN, EVITANDO ATOPELLOS Y AYUDANDO A LOS QUE TENGAN DIFICULTADES O SUFRAN CAÍDAS. LA EVACUACIÓN SE REALIZARÁ COMO MÁXIMO EN TRES FILAS, DOS POR LOS LATERALES Y UNA EN EL CENTRO



**NORMA 8**

EN LA EVACUACIÓN SE DEBERÁ RESPETAR EL MOBILIARIO Y LA EQUIPACIÓN ESCOLAR.



**NORMA 9**

EN EL CASO DE QUE EN LAS VÍAS DE EVACUACIÓN HAYA ALGÚN OBSTÁCULO QUE DIFICILITE LA SALIDA, SERÁ APARTADO POR LOS ALUMNOS, SI FUERA POSIBLE, DE FORMA QUE NO PROVOQUE CAÍDAS DE LAS PERSONAS O DETERIORO DEL OBJETO



**NORMA 10**

EN NINGÚN CASO, EL ALUMNO DEBERÁ VOLVER A TRÁS, SEA CUAL SEA EL PRETEXTO



**NORMA 11**

EN TODOS LOS CASOS, LOS GRUPOS PERMANECERÁN UNIDOS, NO SE DISGREGARÁN Y SE CONCENTRARÁN EN EL LUGAR EXTERIOR PREVIAMENTE ESTABLECIDO, CON EL FIN DE FACILITAR AL PROFESOR EL CONTROL DE LOS ALUMNOS



**NORMA 12**

EN CASO DE HUNDIMIENTO O EXPLOSIÓN Y SE HAYAN DE ATRAVESAR ALGUNAS SALAS, SE DEBERÁ HACER CERCA DE LAS PAREDES, NUNCA POR MEDIO DE LAS MISMAS.



**NORMA 13**

EN CASO DE TENER QUE ATRAVESAR ZONAS INUNDADAS DE HUMO, SE DEBERÁN PROTEGER LAS VÍAS RESPIRATORIAS CON PAÑUELOS MOJADOS. SI LA INTENSIDAD DEL HUMO ES ALTA, NO SE DEBERÁ PASAR POR DICHAS ZONAS



**NORMA 14**

EN EL CASO DE INUNDACIÓN POR HUMO DE PASILLOS Y ESCALERAS, EL GRUPO HA DE PERMANECER EN CLASE, CERRAR LAS PUERTAS Y VENTANAS, COLOCAR TRAPOS MOJADOS EN LAS JUNTAS DE LAS PUERTAS, PARA EVITAR LA ENTRADA DE HUMO. A TRAVÉS DE LAS VENTANAS SE LLAMARÁ LA ATENCIÓN DEL EXTERIOR



**NORMA 15**

EN CASO DE EVACUAR SÓTANOS O SUBTERRANEOS, SE HARÁ SIEMPRE HACIA ARRIBA, NUNCA HACIA ABAJO

#### *8.4. Programa de información xeral para os usuarios.*

Este documento constitúe un medio máis de protección e debido á súa importancia deberá gardarse nunha serie de lugares concretos para que os responsables do centro poidan utilizalo nas ocasións que sexa preciso. Ademáis deberá estar a disposición dos equipos de emerxencia, tanto internos como externos e por o tanto deberase dispoñer de varios exemplares.

Ubicaranse nos lugares que se relatan a continuación, estarán debidamente sinalizados e informarase aos posibles usuarios ou encargados:

- un exemplar na conserxería para consulta de todo o persoal
- un exemplar na conserxería para uso exclusivo do corpo de bombeiros
- un exemplar na sala de profesores
- un exemplar na xefatura de estudos
- un exemplar na biblioteca
- un exemplar no despacho de dirección

Tamén se debería estudar a posibilidade de publicar un exemplar na páxina web do centro, polo seu rápido acceso e consulta instantánea.

Como dicimos é de vital importancia que estean debidamente sinalizados, sobre todo o destinado a uso de bombeiros.

### **Incendio.**

#### **Instrucións xerais**

#### **Se descubre un incendio:**

Avisé inmediatamente á conserxería enviando a un compañeiro ou desplazándose persoalmente. Intente controlar o incendio, pero procure non actuar en solitario.

Para controlar o incendio utilice os extintores, da seguinte forma:

1. Descolgue o extintor e deíxeo sobre o chan en posición vertical.
2. No caso de que o extintor posúa manguera, asila pola boquilla para evitar a saída incontrolada do axente extintor.
3. No caso de que o extintor sexa de CO<sub>2</sub> ter especial coidado de asilo polos lugares preparados para iso, pois ao expandirse o gas pódense conxelar as zonas cercanas á boquilla.
4. Quitar o pasador de seguridade tirando da argola.
5. Acercarse como máximo a un metro de distancia do lume.
6. Apretar o disparador.
7. Dirixir o chorro á base das chamas.

- No caso de incendios líquidos, proxectar superficialmente o axente extintor efectuando un barrido horizontal e evitando que o chorro poida provocar o derrame incontrolado do produto en combustión.

Se se utiliza manguera de auga:

- Non utilice auga na presenza de tensión eléctrica.
- Rompa o cristal cun obxecto contundente ou protexendo a súa man cun trapo, chaleco, etc.
- Desenrolar toda a manguera antes de abrir a válvula da auga.
- Suxeitar o extremo da manguera.
- Abrir a válvula da auga.
- Dirixir a auga ao lume regulando o chorro xirando a boquilla de saída. Evite a propagación do fume e das chamas pechando portas e ventás e apartando materiais combustibles do lume.

**Se está atrapado por o lume:**

- Peche a porta da dependencia na que se atope.
- Tapone as ranuras da porta con roupa, trapos, etc. (si é posible mólleos) para evitar que entre o fume.
- Pida socorro pola ventá.
- Obxecto sospeitoso. Instrucións xerais

**Tipos de extintores que hai no centro**







**Extintor de po polivalente ABC**



**Extintor de CO<sub>2</sub>**

**Extintores de po.** A impulsión do po prodúcese o actuar a presión do gas CO<sub>2</sub> ou N<sub>2</sub> comprimidos nun botello, ou ben mediante a presión incorporada na mesma botella do po.

No noso centro existen extintores de po ABC, válidos para a maior parte de incendios de sólidos e líquidos.

	A Agua	AB Agua + Espuma Química	ABC Polvo Químico Seco	BC Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> )	ABC Halotron 1	D Polvo Químico D	K Potasio
 Sólidos	SI	SI	SI	NO	SI	NO	NO
 Líquidos	NO	SI	SI	SI	SI	NO	NO
 Eléctricos	NO	NO	SI	SI	SI	NO	NO
 Metales	NO	NO	NO	NO	NO	SI	NO
 Grasas	NO	NO	NO	NO	NO	NO	SI

**Extintores de CO<sub>2</sub>.** Chámanse tamén de neve carbónica; a impulsión xerárase pola propia presión do CO<sub>2</sub> que contén a botella. É útil para pequenos lumes de clase B e lumes nas instalacións eléctricas. Son recomendables para a protección de máquinas, transformadores, equipos electrónicos, etc. xa que é limpo e non deixa residuos. Como inconvenientes ten que é ineficaz en lumes de clase A (sólidos), son pouco efectivos no exterior e incompatibles con lumes especiais dalgúns metais lixeiros.

#### Normas básicas de utilización de extintores

1. Descolgar o extintor da parede asindo pola maneta ou asa fixa e deixalo sobre o chan en posición vertical.

Se o extintor é de po débese voltear para eliminar o posible apelmazamento do axente extintor e facilitar a súa saída.

2. Estando apoiado o extintor no chan, inclinar lixeiramente o depósito hacia diante e quitar o precinto de seguridade tirando da argola. Asir a boquilla da manguera. Non se debe olvidar que o extintor é un recipiente a presión, polo que se debe ter a precaución de non inclinalo hacia o noso corpo ou cara.

3. Acercarse ao lume a unha distancia prudencial, sentindo o calor pero sen queimarse (uns 2 ou 3 metros, que son os que se alcanzan polo chorro do axente extintor).

Se o extintor é de CO<sub>2</sub>, débese levar apoiado a cada paso no chan para permitir a eliminación da posible electricidade estática que se xenere.

4. Presionar a panca de accionamento realizando unha pequena descarga de comprobación.

Cando o extintor sexa de CO<sub>2</sub> a boquilla suxeitarase dende a súa empuñadura, non dende a mesma boquilla, para evitar queimaduras por contacto, xa que o gas sae a moi baixa temperatura.

5. Dirixir o chorro á base das chamas con movemento de barrido horizontal.

No caso de incendio de líquidos, proxectar superficialmente o axente extintor efectuando un barrido evitando que a propia presión de impulsión provoque derrame do líquido incendiado.

### Outras recomendacións

- Ter presente que a duración do extintor é de uns 8 segundos aproximadamente.

Non desperdiciar o axente extintor polo camino.

- Non perder nunca de vista o lume. Aínda que se apagara, retroceder marcha atrás comprobando que o combustible non se volve a inflamar.

- E antes de utilizar un extintor:

- manter a calma

- avisar primeiro á conserxería ou o xefe de emerxencias. **O aviso é prioritario á actuación**, para que no caso de que o lume se faga grande a axuda externa xa estea solicitada.

- é conveniente actuar por parellas, para evitar que unha persoa caia vítima sin que ninguén o saiba.

Se o lume non se controla cos extintores, pódese utilizar a manguera de incendios máis próxima (boca de incendios equipada, BIE).

### No caso de evacuación

NON GRITE. NON CORRA.

1. En ningún caso utilice o ascensor. A corrente eléctrica vai ser cortada.

2. O coordinador do desaloxo será o profesor ou na súa ausencia o delegado ou subdelegado do curso.

3. Antes de saír.

- Pechar ventás.
- Non recolla nada (maletas, bolsas, etc.) a non ser que o coordinador indique o contrario.

4. O coordinador:

- Contará o número de persoas que hai na dependencia, incluíndose el mesmo.
- Collerá a lista de clase.
- Nomeará algúns alumnos para axudar durante a evacuación aos compañeiros con dificultades de mobilidade (muletas, sillas de rodas, etc.) ou con déficit intelectual.
- As persoas en cadeira de rodas deberán ser baixadas en brazos, nunca baixalas polas escaleiras sentadas na cadeira.
- Recordarase que, á chegada a Zona de Seguridade no patio, todos deben reunirse baixo o cartel no que figura o número da dependencia na que están agora.

5. No taller de perrucaría indicará quen debe baixar as dúas garrafas de cinco litros de auga para o pelo das persoas que poideran estar con algún produto no pelo (tinte ou permanente).

6. Desaloxarase a dependencia en orde seguindo o recorrido establecido. Pecharase a porta sen botar a chave.

7. Non volva atrás baixo ningún concepto. Se o corredor está ocupado, esperarán a que terminen de pasar outros compañeiros.

8. Circularase polos corredores e escaleiras en fila de un e pegados á parede. As escaleiras son lugares especialmente perigosos se se baixa en desorden ou correndo.

9. Diríxase á Zona de Seguridade, no patio e sitúese baixo o número da dependencia que abandoou. O coordinador contará de novo aos alumnos e comunicará ao Centro de Coordinación da Evacuación, situado no aparcadoiro, no caso de que falte algún.

### ***8.5. Sinalización e normas para a actuación dos visitantes.***

#### **Plano de situación**

Trátase dun plano de cada unha das aulas, talleres, laboratorios, corredores e outras estancias do centro, de forma que calquera persoa que se encontre no edificio saiba en todo momento onde se atopa e cal é o camiño idóneo para encontrar a saída, sobre todo no caso de visitantes que non teñen coñecemento da infraestrutura do centro, dado que en circunstancias de emerxencia, é de vital importancia a rapidez na evacuación.

Para eles utilizaranse os planos que se elaboraron para este plan, en eles indicárase claramente mediante frecha ou viñeta un item de “vostede atópase aquí” xunto coa vía de evacuación máis rápida hacia a saída.

Procederáse ao plastificado dos planos e colocaranse en lugares preferentes, xunto as portas en cada corredor xunto coas normas de actuación no caso de emerxencia.

#### **Sinalización vías de evacuación**

Todas as saídas estarán correctamente sinalizadas con sinalización vertical en todas as plantas, tanto en corredores, como nos pavillóns anexos. Tamén se disporá de sinais nos patios cubertos para axudar a chegar as zonas de reunión.

Todos estes sinais estarán normalizados en canto a forma, tamaño e cor, de forma que todo o mundo os poida entender de forma clara. En canto a símbolos ou pictogramas deben utilizarse os indicados no RD 314/2006, xa que se trata de establecer criterios uniformes e homoxéneos.

Para que esta sinalización resulte eficaz, debe poder ser vista en calquera situación. A tal fin, determinados sinais en forma de panel deberanse construír empregando pigmentos fotoluminiscentes ou dotarse de fontes propias de enerxía que garantan o seu funcionamento no caso de interrupción do sistema de iluminación convencional, salvo que o risco desapareza co corte do suministro eléctrico.

En ambos casos requírese, ademais do equipo de sinalización, un adestramento e instrucións específicas para o persoal que as utilice.

Para que toda sinalización sexa eficaz e cumpra coa súa finalidade debe emplazarse no lugar adecuado a fin de que:

- Atraia a atención de quen sexa o destinatario da información.
- Dea a coñecer a información coa suficiente antelación para que poida ser cumprida.

- Sexa clara e cunha interpretación única.
- Informe sobre a forma de actuación en cada caso concreto.

Debe establecerse un programa de mantemento e revisións periódicas para controlar o correcto estado e aplicación da sinalización e que garanta que se proceda regularmente a súa limpeza, reparación e/ou substitución así como a supervisión da súa aplicación, tendo sempre en conta calquera modificación das condicións de traballo. Este programa debería estar incluído no programa de revisións periódicas xerais dos lugares de traballo

Material e equipos de loita contra incendios: identificación e localización. Cor vermello.

Requisitos de utilización:

1. Os sinais instalaranse preferentemente a unha altura e nunha posición apropiadas en relación ó ángulo visual, tendo en conta posibles obstáculos, na proximidade inmediata do risco u obxecto que deba sinalizarse ou, cando se trate dun risco xeral, no acceso á zona de risco.
2. No lugar de emprazamento do sinal deberá estar ben iluminado, ser accesible e fácilmente visible. Se a iluminación xeral é insuficiente, empregarase unha iluminación adicional ou utilizaranse cores fosforescentes ou materiais fluorescentes.
3. A fin de evitar a diminución da eficacia da sinalización non se utilizarán demasiados sinais próximos entre sí.

### SINAIS MÁIS HABITUAIS E O SEU SIGNIFICADO

Señalización de salida y recorridos habituales



Señalización de caminos y vías de evacuación a salidas de emergencia



Señalización de salida de emergencia



Señalización de medios de protección: Pulsador, BIE y extintor



#### Carteles indicativos de prohibición

Cartel de "PROHIBIDO EL PASO"  
Cartel "NO UTILIZAR EN CASO DE INCENDIO"



#### Carteles indicativos de advertencia de peligro

Cartel de "EQUIPO ELECTRICICO" y  
Cartel de "LIQUIDOS INFLAMABLES"



### *8.6. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.*

No caso de emerxencia é recomendable dispor en secretaría ou na oficina do conserxe u outro lugar de fácil acceso dun armario metálico con pechadura no que conste a inscrición “uso exclusivo de bombeiros”, o cal conterá:

- Unha copia completa deste Plan de autoprotección
- Un xogo completo dos planos do centro , plastificados e dun tamaño adecuado para que poida ser consultado de modo sinxelo
- Un xogo completo das chaves das estancias principais do centro con chaveiro rotulado de forma que poida identificar claramente a que estancia dan acceso

Tamén se disporá no centro dun teléfono móbil para avisar das posibles emerxencias. Este aparato gardarase nun lugar accesible e o responsable do mesmo encargarse de comprobar periódicamente que funcione correctamente e que a batería estea sempre cargada.

## ➤ **Capítulo 9: Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.**

O presente plan de autoprotección manterá a súa vixencia sempre e cando o centro non sufra variacións substanciais nos seus elementos arquitectónicos , usos, dotación de medios (técnicos ou humanos) ou a aparición de riscos( externos ou internos) distintos aos considerados para a elaboración do mesmo.

Ao obxecto de manter actualizado o Plan de Autoprotección realizarase anualmente as seguintes actividades:

- Revisión de factores de risco e reavaliación.
- Actualización do inventario de medios.
- Actualización de planos.
- Revisión de procedementos de emerxencia.
- Reciclaxe do Equipo de Emerxencia e difusión de consignas.
- Realización de simulacros.

### *9.1. Programa de reciclaxe de formación e información.*

#### **AS REUNIÓNIS INFORMATIVAS**

Trátase duns encontros con distintos estamentos do Centro, para ofrecerlles unha información somera e detallada deste traballo, que saiban por que se fixo e a necesidade de que todos o coñezan, sobre todo, é conveniente que quede moi claro, o referente as partes máis importantes do mesmo, o que a nosa saúde poidera afectar.

Haberá que facer unhas Reunións Informativas para:



- Profesores e Persoal non docente
- Alumnado

### **REUNIÓN INFORMATIVAS PARA PROFESORES e PERSOAL NON DOCENTE**

Ao igual que ao principio de cada Curso Académico, a dirección deste Centro adoita facer reunións informativas para a explicación do funcionamento de Gardas, Bibliotecas e Titorías, haberá que programar data e orde do día para facer unha reunión con todo o profesorado e persoal non docente, para explicar os puntos máis importantes deste Plan.

A persoa que informe sobre o Plan deberá explicar de forma comprensible, se é necesario dando unhas fotocopias dos seguintes puntos, a cada un dos compoñentes da reunión.

- Obxectivo do Plan de Autoprotección.
- Os tipos de Emerxencias que se nos poden presentar.
- Os Equipos de Emerxencias de que se debe dispor.
- A composición destes Equipos.
- As consignas dadas a cada Equipo.
- As consignas dadas para unha Evacuación Xeral.
- A forma e maneira de facer Simulacros

### **REUNIÓN INFORMATIVAS PARA O ALUMNADO**

Ao igual que para os profesores, o alumnado ten que coñecer este Plan de Autoprotección, pero ante imposibilidade de poder facer reunións conxuntas de todos eles, a forma idónea é que o Profesor-titor, unha vez reciba a información, durante unha das primeiras clases do curso se dedíquen a dar toda a información necesaria para poder afrontar con garantías unha Evacuación.

O profesor Titor explicará:

- Obxectivo do Plan de Autoprotección.
- Os tipos de Emerxencias que se poden presentar.
- Os Equipos de Emerxencias de que se dispón.
- A composición de estos Equipos.
- As Consignas dadas a cada Equipo de Evacuación de Aula.
- As Consignas dadas no caso dunha Evacuación.
- A forma e maneira de facer Simulacros.

### **CURSIÑOS**

Será necesario programar unha serie de Cursos encamiñados a preparar os compoñentes destes equipos nas posibles manobras a realizar.

O principio do curso académico prepararanse uns:

- Corsiños para os Equipos de Evacuación de Aulas
- Corsiños para os Primeiros Auxilios.

## **OS CURSIÑOS PARA OS EQUIPOS DE EVACUACIÓN DE AULA**

Unha vez que o profesor-titor deu a información sobre o Plan de Autoprotección do Centro, cal é o seu obxectivo e como se vai a desenvolver, estará en condicións de elixir aos auxiliares que acompañarán ao Equipo de Evacuación de Aula.

Confeccionado o Equipo, comunicaráo ao Xefe do Equipo de Emerxencia Xeneral, que como se debe saber, é o xefe de Estudos correspondente.

O Xefe de E.E., delegará na persoa que crea oportuno, para que se confeccione o máis rápidamente posible os carteis para colocar plastificados en cada aula.

Unha vez colocados estos carteis, é momento de convocar Cursos Informativos para estos compoñentes.

O cursiño consistirá en dúas sesións diferentes, xa que se explicará e faranse prácticas de cómo hai que actuar ante un Conato de Emerxencia ou unha Emerxencia Parcial., e por outro lado, levarase a cabo un Cursiño de Evacuación.

## **CURSO DE INTERVENCION para os E.E.A.**

Como se indicou faranse charlas.

### **CHARLAS SOBRE O MANEXO DE EXTINTORES**

A Evacuación Xeral do Instituto pódese provocar por varias causas, como é lóxico, pero quizáis a causa máis corrente e un incendio.

Ante esta situación é imprescindible, que se non poden ser todos os usuarios do Centro, alomenos aqueles que forman parte dos Equipos de Evacuación de Aula, saiban cómo actuar cos medios de extinción que se dispón.

Para iso, daranse cursiños prácticos en colaboración coa empresa que se encargará do mantemento dos extintores, algo que se terá que regular dalgunha maneira á hora de facer os contratos de mantemento.

Ao lado dos extintores colocaranse uns carteis explicando fácilmente o manexo dos mesmos, por si cualquera persoa tivera que facer uso deles.

### **CHARLAS DOS PRIMEIROS AUXILIOS**

Como os compoñentes dos E.E.A. na súa tarefa de intervención pódense encontrar nun momento determinado con persoas accidentadas, é necesario preparar unhas Charlas, que moi ben poderán estar dadas polo Xefe do Equipo de Primeiros Auxilios, en exclusiva para os profesores e auxiliares dos Equipos de Evacuación de Aula.

Hai que ter en conta que estas charlas non se tratarán de cursiños de Primeiros Auxilios, senón unhas nocións mínimas de comportamento de todo o persoal ante un accidentado, ata o momento en que se presente no lugar dos feitos, o Equipo de Primeiros Auxilios do Instituto.

Esta charla pódese facer no Salón de Actos ao principio de cada Curso Académico unha vez elixidos os compoñentes dos distintos E.E.A.

### **CURSO DE EVACUACION para os E.E.A.**

Como o labor fundamental para estes equipos é organizar a Evacuación da Aula do grupo Académico ao que pertence, será fundamental facer unhas charlas sobre cómo facer esta Evacuación

As consignas para a Evacuación estarán todas claramente expostas en cada unha das aulas e farase unha práctica sobre as mesmas.

Esta sesión práctica farase un dos primeiros martes do curso académico, unha vez que xa estean confeccionados estes equipos e que todos teñan coñecemento das operacións a realizar.

### **OS CURSIÑOS PARA OS EQUIPOS DE PRIMEIROS AUXILIOS**

O equipo de Primeiros Auxilios, estará formado por un conxunto de persoas que terán a misión de socorrer eficazmente a un ferido ou accidentado , pero de maneira limitada e temporal, ata que os servizos médicos se fagan cargo.

A misión fundamental do Cursiño é preparar os seus compoñentes para a atención de accidentados, labor que como é importante que a totalidade de alumnos domine, é importante que o profesor do modulo que máis estea relacionado co tema, confeccione unha Unidade Didáctica a principio do curso sobre este tema, para que unha vez explicada, os que formen parte do Equipo teñan coñecementos necesarios para unha posible actuación.

Terase que ter en conta para a elección destes equipos que non, coincidan cos Equipos de Evacuación de Aula.

#### ***9.2.Programa de substitución de medios e recursos***

Os medios humanos revisaranse anualmente mediante exercicios e simulacros para garantir que non queden obsoletos.

Os medios materiais serán sometidos a inspeccións e revisións periódicas, na data marcada para cada un (extintores, ascensor, etc) sendo estes substituídos cando as condicións de operación o requiran.

#### ***9.3.Programa de exercicios e simulacros.***

A preparación do simulacro realizarase de forma exhaustiva, tendo en conta todas as accións e eventualidades que poidan xurdir durante o seu desenvolvemento.

Un simulacro que se realiza sen a suficiente preparación pode dar lugar a aglomeracións cos seus efectos nocivos (tropezóns, caídas, etc.).

No primeiro simulacro que se realice a información que se suministre aos equipos de Emerxencia e ao resto de usuarios do centro ha ser total. Así se consegue que todos os ocupantes do centro coñezan na práctica todas as accións a emprender no caso de emerxencia.

No resto de simulacros a información suministrada ten que ir diminuindo de maneira que as accións a emprender se efectúen de maneira automática e ordenada segundo o previsto no plan de emerxencia.

Contarase con observadores imparciais alleos aos equipos de emerxencia e autoprotección, que terán como misión principal, a de seguir o simulacro, para realizar un informe.

Débense ensaiar mediante o simulacro todos os posibles supostos do plan de emerxencia, así como os diferentes grados de gravidade da emerxencia. Cando sexa necesaria a intervención das Autoridades deberáselles facilitar toda a información posible sobre o simulacro.

Os simulacros xerais efectuaranse polo menos unha vez o ano.

Despois de cada simulacro será necesario que se reúnan todas as partes implicadas, ou alo menos unha representación de cada grupo, co fin de obter o maior número de conclusións, melloras a realizar, problemas..., etc.

**9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección.**

Será necesario establecer un programa de mantemento do plan co fin de manter a operatividade e efectividade do Plan de Autoprotección unha vez esté implantado.

As actividades necesarias e a súa periodicidade para manter o plan operativo serán as seguintes:

CHARLA DO PLAN DE EMERXENCIA PARA PROFESORADO E ALUMNOS	ANUALMENTE
SIMULACRO DE EMERXENCIAS	ANUALMENTE
REVISIÓN DO PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS	SEMESTRALMENTE
REVISIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCION	SEMPRE QUE EXISTAN CAMBIOS E POR O MENOS UNHA VEZ CADA 3 ANOS

Cando haxa obras no centro, cambios de uso de determinadas salas, variación na ocupación do centro, etc terá que haber reunións para estudar se será necesario modificar o Plan de Autoprotección. Tamén será necesario facer un seguimento do programa de formación e se é necesario modificarase a composición dos equipos de Emerxencias e Autoprotección debido a (despidos, vacacións, traslados do persoal, etc.) de maneira que a lista do persoal dos equipos se manteña sempre actualizada.

**9.5. Programa de auditorías e inspección.**

Establecerase un programa de inspeccións periódicas de seguridade a realizar en todas as instalacións, establecido por o Departamento de Prevención de Riscos.

**A Dirección do Instituto encargarse da posta en funcionamento deste Plan de Autoprotección e de que se realicen as actualizacións anuais, necesarias e imprescindibles para a súa eficacia.**

➤ **Anexos:**

➤ **Anexo I do plan de autoprotección. Directorio de comunicación.**

*1. Teléfono do persoal de emerxencias.*

*2. Teléfono de axuda exterior*

*3. Outras formas de comunicación.*

1. Teléfono do persoal de emerxencias.

	NOMBRE	EXTENSION	MOBIL
Xefe de emerxencias	Titular: Suplente:		
Xefe de intervención	Titular: Suplente:		
Equipo de primeira intervención (E.P.I.)			
Equipo alarma e evacuación (E.A.E.)			
Equipo primeiros auxilios (E.P.A.)			
Centro de control (C.C.)			

AREA	RESPONSABLE ALARMA	RESPONSABLE BUSCA ATRASADOS	TELEFONO	UBICACION
INSTITUTO				
PERRUCARÍA (2)				
ESTÉTICA				
EMERXENCIAS				
PAVILLÓN				
SALÓN DE ACTOS				

2. Teléfono de axuda exterior

TELÉFONOS DE INTERÉS	
C.A.E. Galicia	112
Bombeiros	080
Bombeiros Santiago de Compostela	981 542 444
Cruz Vermella Santiago de Compostela	981 586 969
Garda Civil	062
Policía Local	092
Policía Nacional	091
Urxencias Sanitarias	061
INTOXICACIÓNS	915620420
SERVIZOS HOSPITALARIOS URXENCIAS C.H.U.S.	981950000

Estes teléfonos indicaranse nunha tarxeta ou cartel, que se distribuirá por todo o centro e se situarán en lugares estratéxicos. Estas listas deben ser revisadas anualmente pola persoa que a dirección do plan designe, e nelas tamén se indicarán os teléfonos tanto internos como externos.

**DATOS MINIMOS A FACILITAR AOS SERVIZOS DE AXUDA EXTERIOR**

Identificación persoal: Persoa que fai a chamada

Identificación do centro: **IES Lamas de Abade**

Incidencia: INCENDIO/EXPLOSIÓN/ INUNDACIÓN/ AMEAZA DE BOMBA

Feridos/ falecidos

Dirección completa do CENTRO: Rúa Raiola, nº 8, 15702-Santiago de Compostela

Persoa de contacto a súa chegada o lugar de encontro: A Directora

Teléfono de contacto: 881 866 611

Observacións: Si non está a directora en quen delegue.

➤ Anexo II do plan de autoprotección. Formularios para a xestión de emerxencias.

**AUTORIZACION PARA TRABAIOS CON RISCO DE INCENDIO**

DATA		HORA COMEZO	HORA FINALIZACION
LOCALIZACION DO TRABALLO			
DESCRIPCION DO TRABALLO:			
EQUIPOS A UTILIZAR / MATERIAIS SOLDADURA ELÉCTRICA SOLDADURA OXIACETILÉNA/DE CHISPAS FERRAMENTAS ELÉCTRICAS PRODUTORAS DE CHISPAS ESTUFAS DE RESISTENCIA ELEÉCTRICA OUTROS:			
MEDIDAS PREVENTIVAS ADOPTADAS LIMPEZA DA ZONA NA QUE SE REALIZARÁ O TRABALLO (Radio 10 metros con soldadura e chispas) ELIMINACION DE MATERIAIS COMBUSTIBLES PROTECCIÓN DE MATERIAIS COMBUSTIBLES QUE NON SE POIDAN TRASLADAR (lonas, pranchas metálicas ou incombustibles) HUMEDECIMENTO OU RECUBRIMENTO DE SOLOS COMBUSTIBLES. ELIMINACIÓN DOS MATERIAIS EN CONTACTO COA SUPERFICIE POSTERIOR DE ELEMENTOS CONDUTORES DA CALOR. UN VIXILANTE DURANTE TODO O TEMPO DE TRABALLO. EXTINTORES DE INCENDIO DISPOÑIBLES NO LUGAR DE TRABALLO. PROHIBIDO FUMAR NA ZONA DE TRABALLO.			
O SUPERVISOR DA SECCION			

**SIMULACRO DE EMERGENCIA**

**3 Simulacro de emergencia**

CARACTERÍSTICAS DEL SIMULACRO DE EMERGENCIA				
Fecha		Hora		Lugar
<b>Supuesto de emergencia</b> (Identificar todos los factores que pueden dar lugar a una situación de emergencia)				
<b>Evacuación del centro</b>	<b>Total</b>		<b>ZONAS:</b>	
	<b>Parcial</b>			
<b>Número de personas a evacuar</b>			<b>Punto de reunión</b>	
<b>Participación de otras empresas que comparten el edificio</b>				
<b>Personal exento de evacuación</b> (Por razones de seguridad)				
<b>Presencia de personal ajeno a la empresa</b>				
<b>Medios técnicos a utilizar</b>				
<b>Documento que contiene las medidas de emergencia</b>				
<b>Observadores: anotarán la secuencia de actuaciones, las incidencias y los tiempos de desarrollo del simulacro. Comprobarán el cumplimiento de las funciones de los equipos y la actuación del resto de personal.</b>				
<b>Aviso previo del simulacro al personal propio</b>	<b>Si</b>		<b>No</b>	
	<b>Día y hora</b>	<b>Solo día</b>	<b>Solo semana</b>	
<b>Aviso previo a personal y servicios externos</b>	<b>Bomberos</b>		<b>Policía Local</b>	
	<b>Protección Civil</b>		<b>Empresa de Seguridad</b>	
	<b>Ocupantes de edificios próximos</b>			
<b>Información de las funciones a los participantes</b>				
<b>Valoración final tras el simulacro</b>				



ACCIONES A DESARROLLAR	
Inicio del simulacro (Describir una situación que desencadene la emergencia).	
Activación de la alarma	
Detección de la alarma	
Transmisión de la alarma a los equipos de emergencia	
Comprobación de la veracidad de la emergencia	
Valoración de la emergencia	
Orden de evacuación y de solicitud de ayuda al telf. de emergencias 112	
Aviso por megafonía (CCC)	
El CCC comunica la emergencia y su gravedad al 112.	
Desconexión de la energía eléctrica	
Sectorización de la zona	
Desarrollo de la evacuación	
Recuento	
Jl decreta el final del simulacro	

**INCIDENCIAS REXISTRADAS**

TIEMPOS E INCIDENCIAS REGISTRADOS			
TIEMPO mm:ss	ACCIÓN	DESARROLLO	OBSERVACIONES





➤ Anexo III do plan de autoprotección. Planos.

Metros cuadrados do IES Lamas de Abade


Local	Metros
Planta 1ª	1.600
Planta Baixa	1.400
Planta 2ª	1.021
Emerxencias e Tecnoloxía	382
Taller de Estética I e II	280
Peluquería II e arquivo	170
Peluquería I	102
Local alumbrado	41
Salón de actos	268
Pavillón	991
	<b>6.255</b>

Patios	516	
	<b>258</b>	/2
TOTAL ...	<b>6.513</b>	
Per capita	<b>1.861</b>	/3,5


**Exceso**  
**213**  
metros

	1.800	
3 persoas	3	
	<b>5.400</b>	A
	900	
1 persoa	1	
	<b>900</b>	B
Máximo	<b>6.300</b>	A + B

Plano Exterior e Planta Baixa




Plano Planta Baja



PLANTA BAJA

PLANTA BAJA


Plano Primeira Planta



PLANTA PRIMERA  
PLANTA DORSAL




Plano Segunda Planta



PLANTA SEGUNDA

Planos Primeira e Segunda Planta



Vistas aéreas



